La Voz de Galicia LUNS 13 MAIO 2019 • ANO XIII - Nº 544 • Correo: liderlugo@lavoz.es

# 1. Líder




# A GUINDA DO PASTEL

**O CD Lugo cadete de División de Honra despediu a tempada na casa ao grande.** Os de Martín Murado impuxéronse ao campión Galego, un Celta de Vigo que se presentou nas Gándaras sen perder dende o pasado mes de outubro encadeando 27 xornadas sen coñecer a derrota na máxima categoría



LIGA GALEGA CADETE

## A Milagrosa segue necesitando un punto para salvarse

Os de Madriles tivérono na sua man esta xornada, ao ir gañando en Carballo cero a un a vinte minutos para o final. Agora xogaranse todo a unha carta ante o Estrada na última xornada en Frigsa, na que un punto aseguraría a permanencia

FASES DE ASCENSO

## Definidos os cruces das diferentes eliminatorias

Os representantes da provincia xa coñecen o camiño que deberán seguir para dar o salto de categoría. Tanto en infantil coma en cadete e xuvenil as eliminatorias comezan a próxima fin de semana, con 9 equipos formando a armada lucense

## A XI Gala Líder será o próximo 10 de xuño no Auditorio Gustavo Freire de Lugo

**Esta semana coñecemos o mellor once Provincial cadete coa publicación das votacións dos diferentes adestradores e capitáns. O vindeiro luns chega a quenda do equipo ideal infantil Provincial**

premios líder 2019 fútbol-base lucense

# Encomiable esforzo con recompensa final

## O LUGO B vaciouse na Cheda para puntuar ante o Celta de Vigo B, de novo campión da Liga Nacional xuvenil


Dani Vidal rematando a portería dende dentro da área

O Lugo B sumou un punto que sabe a vitoria na Cheda, onde os de Mourelos os despediron a tempada como locais ante o Celta B, campión da Liga Nacional xuvenil un curso máis.

A proba era de lume, pero a dinámica dos lucenses tiña moito que dicir ante o mellor equipo da competición. Con todo, desde os primeiros minutos viuse que o Lugo B competiría moi xusto de forzas, con pouca frescura pola acumulación de partidos e coas pernas pesadas. Pese a iso, sorprenderon cunha efectiva presión en campo rival que desencadeou nunha clara ocasión de Xabi Domínguez, cun remate practicamente a porta baleira.

Co paso dos minutos ao Lugo B custoulle cada vez máis chegar á presión e o Celta B tivo o control do xogo, inaugurando o marcador no ecuador da primeira parte.

Tralo descanso chegou a exhibición de pundonor lucense. O Lugo B sacou forzas de flaqueza e xa no primeiro minuto iniciou un carrusel de ocasións claras por medio de Christian.

Yago aportou frescura en ataque e fixo o un a un, pero tan só catro minutos despois, nunha acción na que se pediu fóra de xogo, o Celta B volveu tomar o mando.

**1**

**PUNTO** separa ao Lugo B do Rácing Villalbés na loita por rematar como mellor equipo da Provincia na categoría de prata do fútbol base xuvenil

**2**

**LESIÓNS**
Sen dúbida a peor nova do encontro foron as lesións de Cristian e Martín, que tiveron que abandoar o encontro por molestias físicas na segunda parte

**CD LUGO B 2** — Goles: Yago e Álex Ramos
**CELTA B 2** — Goles: Francisco e Hugo Suárez




**Arbitro:** Jesús López, Brais García, Manuel Rodríguez **Campo:** Municipal A Cheda

> "Merecemos máis, rematamos fundidos. Que orgullosos debemos estar!!!" CASTRO Lugo B

O Lugo B, coa luz da reserva encendida, negouse a someterse, levantouse e nunha oda ao esforzo volveu xerar ocasións. A máis clara antes do empate tivoa Xabi Becerra cun man a man practicamente na área pequena, na que o porteiro rival lle gañou a partida, polo que Álex Ramos recibiu o premio do gol co dous a dous final tras un rexeite do porteiro vigués, logo dun disparo de Yago que incluso tivo a última do partido para asinar o tres a dous na Cheda.

**OS MELLORES**

| CD LUGO B | |
|---|---|
| PORTO | 1 1 1 |
| DAMIÁN | 1 1 |
| RIVAS | 1 |


O albivermello Yago nun man a man co porteiro vigués


Álex Ramos presionando a un rival antre Xabi e Damián

# O Villabés remou contracorrente

## TRALO CERO A DOUS CO QUE SE ADIANTOU O RÁPIDO DE BOUZAS os de Cholas intentaron reaccionar, pero aínda que conseguiron empatar a vitoria do cadro visitante foi xusta no Roca


Óscar a piques de golpear o balón nun saque de porta

**RC VILLALBÉS 2** — Goles: David e Miguel
**R. BOUZAS 3** — Goles: Lois, Adrián e Diego




**Arbitro:** Pedro Castro, Adrián López e Manuel García **Campo:** Estadio Roca

> "Cometimos demasiados errores como para poder puntuar en esta categoría" CHOLAS Rácing Club Villalbés

O Rápido de Bouzas levouse os tres puntos no último encontro da tempada no Estadio Roca, onde se mediron dous equipos sen nada en xogo a nivel clasificatorio tras chegar ás últimas xornadas cos deberes feitos.

As sensacións foron mellores para o Bouzas desde os primeiros minutos, nos que gañaron con facilidade a liña de fondo cun efectivo fútbol directo co que sairon da presión alta do Villalbés con facilidade.

David tivo o un a cero tras un saque de esquina, pero sería o Bouzas quen pegara sen avisar. Na súa primeira ocasión o Rápido inaugurou o marcador cun disparo desde a frontal que sorprendeu a Óscar, titular na Liga Nacional por segunda ocasión.

Sen moito tempo para a reacción chegou o cero a dous, nesta ocasión tras unha acción a balón parado.

O Rácing intentou reaccionar e tivo ocasións cun man a man de Moreda ou un remate ao poste de David, pero ao descanso chegouse con cero a dous.

Na segunda parte o Villalbés foi máis recoñecible. Marco puxo un gran centro á área e David enviouno ao fondo das mallas mentres que Herrero fabricou o empate a dous que subiu ao marcador Miguel cun cuarto de hora por diante. A remontada palpábase, pero o Bouzas foi letal a balón parado e tras un córner fixo o definitivo dous a tres co que finalizou o encontro.

**OS MELLORES**

| RC VILLALBÉS | |
|---|---|
| ÁNGEL | 1 1 1 |
| MARCO | 1 1 |
| MOREDA | 1 |

# Homenaxe e nova vitoria

**O NOME DE MARCOS GÓMEZ PERDURARÁ NO CEMBEDO.** Antes do partido colocouse unha placa co nome do eterno número 16 celeste

**VIVEIRO CF 3 | 1 DUMBRÍA**

**Goles:** Juan, Yago e David Ben.

**Gol:** Adrián




**Arbitro:** Jonathan Losada, Diego Fernández e David Méndez **Campo:** Marcos Gómez

**15** **XORNADAS** consecutivas acumula o Viveiro sen coñecer a derrota na Liga Galega xuvenil, competición na que poden rematar incluso cuartos se consiguen os tres puntos en Boiro



Placa en homenaxe a Marcos Gómez no campo Municipal

## "¡Qué pena que esto se acabe ya!"

ANTONIO SERRANO Viveiro CF

O Viveiro despediu a tempada ao grande en casa. Un último encontro no que de novo Marcos Gómez estivo moi presente, xa que antes do inicio do partido instalouse unha placa no Municipal co seu nome. Xa no terreo de xogo os de Antonio Serrano volveron estar á altura das homenaxes que recibe o eterno 16 celeste, sumando a súa decimoquinta xornada consecutiva sen perder e chegando á última cita do curso con opcións de terminar no cuarto posto da clasificación.

Ademais de saltar ao terreo de xogo con moita intensidade o Viveiro fixo bo fútbol, dominando o encontro a partir da posesión e con profundidade para ter un goteo constante de ocasións desde os primeiros minutos.

Macly, Yago e Iván acariñaron o un a cero antes de que o Dumbría se adiantase case sen crelo tras unha acción a balón parado sen apenas perigo.

**OS MELLORES**

| VIVEIRO CF | |
|---|---|
| JUAN | 3 |
| IVÁN | 2 |
| DAVID B. | 1 |

A partir de aí, con practicamente unha hora de partido por diante, o Dumbría meteuse moi atrás e o Viveiro aproveitouno para iniciar un asedio que non terminou en derruba nos primeiros corenta e cinco minutos, que terminaron con cero a un no marcador.

Na segunda parte o Viveiro mantivo a calma e asinou o empate por medio de David Ben, que volveu acudir á súa cita co gol ao rematar de cabeza un bo centro de Ángel desde a banda.

O propio David tivo o dous a cero, pero o Dumbría resistiu co empate ata o tramo final, uns últimos dez minutos nos que o Viveiro volveu a descolgar ao seu rival no sprint final cos goles de Juan e Yago cos que o Viveiro quedouse con todo o botín en xogo.



Os xogadores celestes adicáronlle o triunfo a Marcos Gómez

# A Residencia despídese da Cheda ata o próximo curso

**VITORIA** no último encontro na casa esta tempada con dous goles de Veloso

**RESIDENCIA 2 | 0 G. CARANZA**




**Goles:** Veloso (2)

## "Tenemos que hacer un último esfuerzo para acabar bien la temporada"

DANI GALÁN SDC Residencia

A Residencia despediuse da Cheda ata a próxima temporada, na que a categoría de prata do fútbol xuvenil volverá facer escala en Lugo da man dos branquiazuis.

**OS MELLORES**

| RESIDENCIA | |
|---|---|
| SANMI | 3 |
| VELOSO | 2 |
| GARCÍA | 1 |

Os de Dani Galán despedíronse ademais con bo sabor de boca tras impoñerse ao Galicia Caranza por dous goles a cero, ambos tantos asinados por Veloso.

A Residencia controlou a primeira parte con solvencia, na que o un a cero fixose de rogar pese a que os de Galán xeraron ocasións claras, especialmente con centros de Cumbraos desde banda esquerda. Pero sería na recta final da primeira parte cando a Residencia aproveitara unha facilidade defensiva visitante para que Veloso inaugurase o marcador co un a cero.

Xa na segunda parte, á Resi custoulle máis manter un control do partido, que pasou a mans do Galicia Caranza, polo que co un a cero Sanmi tivo que aparecer para evitar o empate ferrolán con boas intervencións antes de que Veloso rematase no segundo pau sen apenas oposición un novo centro de Cumbraos desde a banda.

**CALASANCIO 1 | 0 ALONDRAS**




**Goles:** Fagín polo Calasancio.

**Arbitro:** David Pérez, Daniel Ramírez e Manuel López.

# O Calasancio ten que gañar e agardar resultados

**A PERMANENCIA** pasa por impoñerse en Ourense na última xornada e que dous dos seus catro rivais directos se deixen puntos

O Calasancio fixo os seus deberes e sumou os tres puntos en xogo ante o Alondras, vitais para seguir na loita pola permanencia de cara a unha frenética xornada que se disputará dentro de quince días.

As opcións do Calasancio pasan por impoñerse no campo dun UD Ourense que xa é campión de Liga matematicamente, ademais os monfortinos necesitan que polo menos dous dos seus rivais directos non gañen. Estes son Tomiño, Ribadumia e Comesaña.

Unha vitoria do Calasancio e que dous dos catro equipos que lle preceden non gañen daríalle permanencia na Liga Galega xuvenil unha tempada máis.

**OS MELLORES**

| CALASANCIO | |
|---|---|
| IAGO | 3 |
| SERGI | 2 |
| CARBALLO | 1 |

Todos estes cálculos pasaban por sumar os tres puntos ante o Alondras e conseguiuse cun solitario gol de Fagín á media hora de xogo.

O Calasancio saltou ao campo coas ideas claras e Jordi xa puido inaugurar o marcador nos primeiros minutos, pero o gol resistiuse ata que o propio Jordi fabricou unha xogada por banda que desencadeou nun bo centro que Fagín enviou ao fondo das mallas cun certeiro remate de cabeza.

Antes do descanso lesionouse Nico, polo que Carlos Fontal tirou do cadete Adrián, que debutou ao igual que Tagüi, este incluso partindo desde o once inicial.

Na segunda parte os monfortinos deron un paso atrás. Xuntaron filas en repliegue para non encaixar e buscaron as contras para sentenciar o encontro.

Brais e Adrián, por partida dobre, puideron matar o partido pero ao non encaixar ao Calasancio chegoulle para sumar os tres puntos e chegar con vida a unha última xornada, na que necesita gañar e esperar resultados.

## "Hicimos un buen partido para sumar los tres puntos y llegar a la última final con opciones de conseguir el objetivo"

CARLOS FONTAL CP Calasancio


Borja e un xogador do Celta seguindo o balón con atención


Siro presionando a un xogador celeste pola banda


Asier a piques de anticiparse nun balón dividido

**CD LUGO** 1 – 0 **RC CELTA DE VIGO**

**Gol:** Castrín




**Arbitro:** David Pereira, Miguel Pin e Anai Vázquez **Campo:** Rodríguez Lago 1

# O Lugo despídese na casa pola porta grande

**OS DE MARTÍN MURADO** impuxéronse ao Celta de Vigo, campión da División de Honra que non perdía dende outubro


Michi, nunha acción na que se sinalou falta súa ao porteiro

O Lugo despediu a tempada en casa ao grande. Os de Martín Murado puxeron a guinda a unha espectacular campaña da mellor forma posible tras impoñerse ao Celta de Vigo, un equipo que se alzou co título Galego a falta de tres xornadas e que sumaba 27 partidos consecutivos sen perder, xa que os olívicos non caían desde o pasado mes de outubro do 2018.

> "Esta vitoria ante el campeón Gallego cadete afianza la gran temporada que hicieron todos los jugadores"
> MARTÍN MURADO CD Lugo

O partido foi pola canle prevista. O Celta de Vigo chegou a monopolizar por momentos a posesión do balón, pero en zonas nas que non lle facía ningún dano ao Lugo, que pola súa banda defendeu coas liñas xuntas con moitísima orde e non renunciou ao ataque cando tivo a oportunidade.

De feito, a ocasión máis clara nos primeiros corenta minutos foi para os de Martín Murado, cun penalti por mans dun defensa celeste na área. Manu asumiu a responsabilidade, pero o seu disparo estrelouse no poste cando xa se cantaba o gol nas Gándaras.

Ao descanso chegouse co cero a cero inicial e na segunda parte, pese a que o Lugo tiña o aire a favor, o Celta por momentos ata intensificou o dominio, sobre todo tralo un a cero. Un gol que subiu ao marcador Castrín cun impoñente remate de cabeza á saída dunha falta lateral.

**27**

**PARTIDOS CONSECUTIVOS** levava o Celta de Vigo sen coñecer a derrota na División de Honra cadete. Os olívicos ademais alzáronse co título Galego a falta de tres xornadas para o remate da competición

Con media hora por diante o Lugo púxose o mono de traballo en defensa e apertou os dentes ata o asubío final co que mandou á lona a todo un Celta de Vigo, campión Galego e que non perdía dende outubro.

# O efecto Frigsa será de novo determinante

**A PERMANENCIA** pasa por puntuar no último encontro ante o Estrada, un partido que se disputará dentro de 15 días no Luis López Gorgoso


Juan nun encontro disputado en Frigsa esta tempada

**BERGANTIÑOS** 3 – 1 **MILAGROSA**

**Goles:** Martín, Javier e Adrián. **Gol:** Miguel




**Arbitro:** Diego Gándara, Rafael Sánchez e Jorge Domínguez **Campo:** As Eiroas, Carballo

> "A falta de veinte minutos, con cero a uno nos valían dos de los tres resultados, se dio el que no valía y nos la jugamos en el último encuentro"
> MADRILES SDC Milagrosa

Acabáronse os tests. A Milagrosa ten o exame final no que se xoga todo o traballo da tempada e do club en oitenta minutos ante o Estrada en Frigsa.

Aos de Madriles, como nesta último encontro, valeranlles dous dos tres posibles resultados ante un equipo que sumou un punto dos últimos 18 en xogo.

**OS MELLORES**

| MILAGROSA |
|---|
| MIGUEL |
| JUAN |
| CRISTIAN |

Á marxe da irregularidade da tempada o certo é que a Milagrosa ten quince días por diante para preparar o exame final no que, empatando ou gañando, terán asegurada a permanencia. Unha derrota, e vista a dinámica do Victoria B, propiciaría o descenso.

O último comodín esgotárono os de Frigsa en Carballo ante o Bergantiños, nun partido no que tamén lles servían dous dos tres posibles resultados.

A Milagrosa tocou a permanencia cos dedos, xa que a falta de vinte minutos gañaba cero a un. O empate valíalles pero terminaron encaixando tres goles que dilapidou as opcións de permanencia esta xornada.

Na primeira parte a Milagrosa chegou con vida ante un Bergantiños que foi mellor, pero na segunda parte Denís e Yago acariñaron o cero a un que asinou Miguel rematando unha falta lateral. A partir de aí vinte minutos por diante nos que o Bergantiños empatou e deulle a volta ao marcador en apenas dous minutos sentenciando co tres a un na última xogada do encontro.

# O Lugo B adianta ao Viveiro tras impoñerse no derbi Provincial

**OS CAPITALINOS ALCANZAN OS 40 PUNTOS** e deixan aos mariñaos con 39 a falta dunha xornada que os dous equipos afrontan sen nada en xogo a nivel clasificatorio



Xoel Irimia e Trasi loitando polo balón nun lance do xogo no partido de ida nas Gándaras




**Arbitro:** Luis Manuel Graña, David Méndez e Ángel Ron **Campo:** Marcos Gómez

> "Partido en el que nos pesó mucho estar salvados tan rápido. Estuvimos Demasiados relajados" LUCHI Viveiro CF

> "Na meta apuntan e non preguntan. Pero se o fixeran habería moitas cousas boas que decir" SEOANE CD Lugo B

**1**

**LESIÓN** Unai, porteiro en idade infantil que chegou recentemente ao Viveiro, tivose que retirar lesionado e a súa participación no primeiro encontro da fase de ascenso que arrinca a próxima fin de semana está no aire

Viveiro e Lugo B, dous equipos que chegan ao sprint final de tempada cos deberes feitos, medironse no Municipal Marcos Gómez nun encontro no que os capitalinos foron máis consistentes e leváronse os tres puntos en xogo.

Nos primeiros minutos o Viveiro foi mellor e puido adiantarse no marcador tras cadansúa ocasión de Lucas, Loureiro e un centro perigoso de Pablo que non chegou a rematar ninguén.

Pero no ecuador da primeira parte o Lugo deu un paso á fronte ata dominar o encontro. Xoel Irimia estrelou o balón no poste cun disparo desde fóra da área e a Borja lle anularon un gol por fóra de xogo nunha primeira parte na que, pese a verse ocasións claras de gol, ao descanso chegouse co cero a cero inicial.

Luchi volveu repartir moitos minutos facendo tres cambios no descanso, entre eles a entrada do porteiro en idade infantil Unai en sustitución de Egoitz.

O Lugo B adiantouse no marcador cun remate de Nodar desde dentro da área, chegando desde segunda liña a un centro de Alesito ao cuarto de hora da reanudación.

Con vinte minutos por diante o porteiro Unai tívose que retirar lesionado, polo que Novo enfundouse as luvas e púxose baixo paus.

Xoel Irimia afinou o punto de mira tralo disparo ao poste na primeira parte e na segunda colocou o balón en toda a escuadra poñendo terra polo medio co cero a dous, xa con Novo na portería.

Alesito puido ampliar a renda cun disparo cruzado, pero sería Luís o que volvera reencontrarse co gol ao asinar o definitivo un a dous cun bo remate no segundo pau para darlle emoción aos dez últimos minutos dun derbi no que xa non houbo máis goles.

# O Rácing profana o campo do campión

**NINGÚN EQUIPO GAÑARA ESTA TEMPADA AO BERTAMIRÁNS NA CASA.** Os de Simón Lamas fixérono tras un gran encontro



Gabriel, Cendán, Cadra e Noel celebrando un gol no Roca




**Arbitro:** Amine Alaqui, René Fernández e Raúl García **Campo:** Municipal de Bertamiráns

> "Gran vitoria que pode ser un bo recoñecemento á grandísima tempada do equipo. A nivel individual cumplimos os obxectivos con creces" SIMÓN LAMAS RC Villalbés

Simón Lamas contou practicamente con todo o persoal logo de moitas xornadas con ausencias na Liga Galega cadete, e os chairegos despedíronse da competición a domicilio e posiblemente do seu último encontro xuntos esta tempada cunha gran vitoria.

Un triunfo que ninguén conseguiu nesta Liga, xa que o Bertamiráns, campión, non perdera ningún encontro xogado como local neste curso.

O Villabés aproveitou que o xuvenil B non empeza a fase de ascenso ata a semana que vén e tirou de toda a súa artillería. Os de Simón Lamas tiveron unha posta en escena moi intensa coa que sorprenderon ao campión de Liga, aínda que é certo que se adiantaron pasado o cuarto de hora cun penalti rigoroso que reclamaron con insistencia os locais. O árbitro sinalou os 11 metros e Gabriel executou a penal máxima ao fondo das mallas. Sen marxe para a reacción local, tan só tres minutos despois Cabado e Raúl fabricaron unha xogada por banda dereita que terminou cun potente disparo do lateral desde fóra da área co que subiu ao marcador o cero a dous.

Na segunda parte o Bertamiráns tirou de orgullo, fixose co balón e dominou o encontro ante un Rácing que demostrou que non se lle esqueceu sufrir, apertou os dentes e pese a encaixar o un a dous mantívose en pé para profanar o feudo do campión de Liga.

**OS MELLORES**

| RC VILLLABÉS | |
|---|---|
| CABADO | ⚽⚽⚽ |
| NOEL T. | ⚽⚽ |
| PEDRO | ⚽ |

# O gol volveu ser determinante

**A RESIDENCIA COMPETIU BEN POR MOMENTOS,** pero con balas de fogueo ante un Riveira máis contundente

**RESIDENCIA 0 | 5 AT. RIVEIRA**

**Goles:** Juan (4) e Barbosa




**Arbitro:** Pedro Castro Gómez, Adrián Fernández e Susana Gueimonde. **Campo:** A Cheda.

## "Tratamos de competir, pero por momentos non foi posible"

KAISER SD Residencia

**1 PARTIDO** máis en Carballo antes de despedirse da Liga Galega infantil

**OS MELLORES**

| RESIDENCIA | |
|---|---|
| LUCAS | ⚽⚽⚽ |
| ÁLEX | ⚽⚽ |
| MANU | ⚽ |

A Cheda despediuse da Liga Galega infantil ao disputar a Residencia o seu último encontro da tempada en casa ante o Riveira. Un novo encontro no que, durante fases do partido, as sensacións foron moito mellores do que indica o cero a cinco final.

Nos primeiros minutos a Residencia mereceu o gol. Nada máis empezar un roubo de balón de Lucas desencadeou nunha clara ocasión, pouco máis tarde a Alonso se lle anulou un gol tras rebotar o balón en Lucas antes de entrar e acto seguido os de Kaiser tiveron un man a man para inaugurar o marcador.

A Residencia competiu con balas de fogueo e o Riveira cun arsenal. Na primeira chegada visitante chegou o cero a un por medio de Juan, que terminou cun póker de goles, e no ecuador da primeira parte o segundo para levar o marcador ata o cero a tres ao descanso.

Na segunda parte repetiuse o guión. O Riveira marcou na súa primeira ocasión mentres que a Residencia dispuxo de catro chegadas moi claras para poder maquillar polo menos o marcador final, pero sen o premio do gol. No último suspiro, no tempo de desconto, o Riveira fixo o cero a cinco final na Cheda.

Na próxima e última xornada a Residencia mídese co Bergantiños en Carballo na que será a despedida da Liga Galega infantil.



Raúl a piques de facerse cun balón perto da banda



Alonso nunha acción de ataque do conxunto branquiazul



Lucas vaise co balón en conducción ante os seus compañeiros Nico Gómez e Fio

# Os alevíns Martín e Mateo foron a mellor nova en Ferrol

**O CONXO SANTIAGO** será o último encontro dos de Madriles na competición

**G. CARANZA 0 | 5 MILAGROSA**




**Goles:** Bruno Vázquez (3) e Sergio (2) polo Galicia Caranza.

## "Tuvimos mejores sensaciones que en otros partidos, pero el dominio fue del Galicia Caranza"

MADRILES Milagrosa

**OS MELLORES**

| MILAGROSA | |
|---|---|
| MARTÍN | ⚽⚽⚽ |
| MATEO | ⚽⚽ |
| MARCOS | ⚽ |

A Milagrosa disputou en Ferrol o seu último encontro na Liga Galega infantil. Os de Madriles volverán competir a próxima tempada na Liga Provincial, pero antes poderán despedirse da máxima categoría do fútbol infantil ante a súa afección na última xornada, na que recibirán no Luís López Gorgoso de Frigsa ao Conxo Santiago.

En Ferrol a mellor noticia para os lucenses tivo dous nomes propios, os dos alevíns Mateo e Martín, sendo ambos dos xogadores máis destacados do encontro. Martín saiu no once inicial de Madriles e Mateo tivo minutos de calidade na segunda parte.

O encontro foi complicado para a Milagrosa, xa que o Galicia Caranza tivo o balón a maior parte do tempo. Con todo, nin o tres a cero co que se chegou ao descanso fixo que os lucenses baixasen os brazos, pero encaixaron dous goles máis no tempo de desconto co que o marcador foise ata o cinco a cero final que semella excesivo tralo visto no terreo de xogo ao longo dos oitenta minutos.

# Última visita a domicilio do Calasancio na Liga Galega

**CO OBXECTIVO DO ASCENSO** xa en mente, os monfortinos despediranse na casa

**AREOSA 3 | 1 CALASANCIO**




**Goles:** Daniel (2) e Álex polo Areosa. Cereijo polo Calasanciox

## "Dos partes muy distintas. Cuando reaccionamos ya era demasiado tarde"

MANU RODRÍGUEZ Calasancio

**OS MELLORES**

| CALASANCIO | |
|---|---|
| CEREIJO | ⚽⚽⚽ |
| IAGO | ⚽⚽ |
| NACHO | ⚽ |

Os vinte primeiros minutos lastraron as opcións do Calasancio na súa visita ao Areosa. Os monfortinos encaixaron os tres goles en contra nese tramo inicial do partido no que, sen ser moi superiores, os pontevedreses aproveitaron as lagoas defensivas do Calasancio para encarrilar o triunfo. A partir de aí, os lucenses amosaron máis solidez, pero careceron de profundidade para chegar con perigo á área rival.

A entrada de xogadores de refresco deulle un plus ao conxunto de Manu Rodríguez que, na segunda metade, tivo moita máis presenza ofensiva. Cereijo marcou o 3-1 nunha acción individual á hora de xogo e o equipo seguiu chegando con perigo á portería rival, metendo o medo no corpo aos pontevedreses. A máis clara para seguir apertando o marcador tiverona nun centro de Nacho que se paseou por diante da portería sen atopar ningún rematador.

Última xornada

O Calasancio recibirá no Álex Blanco na última xornada ao Arosa.

# Clasificacións » Ligas Superiores



## XUVENIL LIGA NACIONAL

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Val Miñor B – Valladares | 3-0 |
| CD Lugo B – RC Celta B | 2-2 |
| Porriño – Arosa SC | 7-4 |
| Orillamar – Choco | 1-5 |
| Pabellón – Victoria | 4-0 |
| Conxo – Deportivo B | 3-0 |
| Sta. Mariña – Calasanz | 2-0 |
| RC Villalbés – R. Bouzas | 2-3 |
| CD Areosa – CD Lérez | 1-1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA "B" | 80 | 33 | 25 | 5 | 3 | 103 | 30 |
| C.D. CALASANZ | 71 | 33 | 21 | 8 | 4 | 62 | 31 |
| C.D. CONXO | 65 | 33 | 20 | 5 | 8 | 76 | 52 |
| DEPORTIVO "B" | 64 | 33 | 20 | 4 | 9 | 78 | 33 |
| VICTORIA C.F. | 57 | 33 | 17 | 6 | 10 | 71 | 54 |
| PABELLON C.F. | 55 | 33 | 16 | 7 | 10 | 61 | 38 |
| PORRIÑO C.F. | 53 | 33 | 16 | 5 | 12 | 72 | 69 |
| C.D. CHOCO | 49 | 33 | 15 | 4 | 14 | 58 | 44 |
| C.D. AREOSA | 49 | 33 | 15 | 4 | 14 | 50 | 49 |
| **RC VILLALBES** | **45** | **33** | **13** | **6** | **14** | **46** | **54** |
| **C.D. LUGO "B"** | **44** | **33** | **13** | **5** | **15** | **65** | **63** |
| RAPIDO BOUZAS | 43 | 33 | 11 | 10 | 12 | 42 | 44 |
| VAL MIÑOR "B" | 36 | 33 | 9 | 9 | 15 | 45 | 63 |
| SANTA MARIÑA | 34 | 33 | 9 | 7 | 17 | 32 | 52 |
| VALLADARES | 32 | 33 | 9 | 5 | 19 | 48 | 85 |
| AROSA S.C. | 27 | 33 | 7 | 6 | 20 | 36 | 62 |
| ORILLAMAR S.D. | 20 | 33 | 6 | 2 | 25 | 34 | 99 |
| C.D. LEREZ | 15 | 33 | 3 | 6 | 24 | 40 | 97 |

### ÚLTIMA XORNADA

Celta B – Val Miñor B
Calasanz – Conxo
Arosa SC – CD Lugo B
R. Bouzas – Sta. Mariña
Choco – Porriño
CD Lérez – RC Villalbés
Victoria – Orillamar
Valladares – CD Areosa
Deportivo B – Pabellón

## XUVENIL GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| As Pontes – Boiro | 1-2 |
| Residencia A – G. Caranza | 2-0 |
| Compostela – Montañeros | 1-1 |
| Ural B – EF Lalín | 4-2 |
| At. Arteixo – Conxo B | 1-3 |
| Victoria B – O Val | 0-1 |
| Estrada – Betanzos | 3-1 |
| Bergantiños – At. Riveira | 3-0 |
| Viveiro CF – Dumbria | 3-1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E.F. LALIN | 76 | 33 | 23 | 7 | 3 | 97 | 40 |
| S.D. O VAL | 71 | 33 | 22 | 5 | 6 | 81 | 38 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 69 | 33 | 20 | 9 | 4 | 78 | 30 |
| MONTAÑEROS C.F. | 63 | 33 | 18 | 9 | 6 | 64 | 31 |
| S.D. COMPOSTELA | 61 | 33 | 18 | 7 | 8 | 58 | 42 |
| **VIVEIRO C.F. "A"** | **61** | **33** | **17** | **10** | **6** | **73** | **49** |
| URAL C.F. "B" | 55 | 33 | 16 | 7 | 10 | 66 | 43 |
| C.D. BOIRO | 53 | 33 | 16 | 5 | 12 | 62 | 52 |
| C.F. DUMBRIA | 51 | 33 | 15 | 6 | 12 | 54 | 52 |
| ESTRADA FB | 48 | 33 | 15 | 3 | 15 | 47 | 59 |
| C.D. CONXO "B" | 41 | 33 | 13 | 2 | 18 | 63 | 64 |
| VICTORIA C.F. "B" | 40 | 33 | 11 | 7 | 15 | 52 | 59 |
| **RESIDENCIA "A"** | **39** | **33** | **10** | **9** | **14** | **57** | **66** |
| G. CARANZA | 37 | 33 | 10 | 7 | 16 | 62 | 64 |
| C.D. AS PONTES | 29 | 33 | 7 | 8 | 18 | 41 | 57 |
| AT. DE RIVEIRA | 20 | 33 | 6 | 2 | 25 | 50 | 121 |
| BETANZOS C.F. | 11 | 33 | 3 | 2 | 28 | 26 | 97 |
| AT. ARTEIXO | 11 | 33 | 2 | 5 | 26 | 33 | 100 |

### ÚLTIMA XORNADA

G. Caranza – As Pontes
Betanzos – Victoria B
Montañeros – Residencia
At. Riveira – Estrada
EF Lalín – Compostela
Dumbria – Bergantiños
Conxo B – Ural B
Boiro – Viveiro CF
O Val – At. Arteixo

## XUVENIL GALEGA SUR

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Barco – Tomiño | 1-5 |
| Calasancio – Alondras B | 1-0 |
| Coruxo – Ourense CF | 1-3 |
| Ribadumia – Vila Corpus | 0-2 |
| Comesaña – Portonovo | 5-0 |
| A Seca – Pabellón B | 0-0 |
| Choco B – AJ Lérez | 3-1 |
| UD Ourense – Monteporreiro | 2-0 |
| Barbadas – Verín | 2-0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| U.D. OURENSE | 78 | 33 | 24 | 6 | 3 | 86 | 32 |
| OURENSE C.F. | 74 | 33 | 23 | 5 | 5 | 106 | 47 |
| A.J. LEREZ | 56 | 33 | 17 | 5 | 11 | 83 | 50 |
| PABELLON "B" | 52 | 33 | 14 | 10 | 9 | 70 | 44 |
| MONTEPORREIRO | 52 | 33 | 16 | 4 | 13 | 68 | 50 |
| U.D. BARBADAS | 50 | 33 | 15 | 5 | 13 | 41 | 53 |
| CORUXO F.C. | 48 | 33 | 13 | 9 | 11 | 57 | 54 |
| PORTONOVO S.D. | 46 | 33 | 14 | 4 | 15 | 58 | 62 |
| ALONDRAS C.F. "B" | 46 | 33 | 13 | 7 | 13 | 60 | 59 |
| U.D. COMESAÑA | 44 | 33 | 13 | 5 | 15 | 67 | 72 |
| C.D. RIBADUMIA | 43 | 33 | 11 | 10 | 12 | 57 | 64 |
| A.D. TOMIÑO | 42 | 33 | 12 | 6 | 15 | 85 | 83 |
| A.C.D. A SECA | 42 | 33 | 12 | 6 | 15 | 56 | 61 |
| **C.P. CALASANCIO** | **42** | **33** | **12** | **6** | **15** | **38** | **47** |
| VILA DO CORPUS | 41 | 33 | 12 | 5 | 16 | 54 | 62 |
| E.D.C. VERIN | 32 | 33 | 8 | 8 | 17 | 49 | 80 |
| C.D. CHOCO "B" | 28 | 33 | 7 | 7 | 19 | 43 | 86 |
| C.D. BARCO | 20 | 33 | 6 | 2 | 25 | 37 | 109 |

### ÚLTIMA XORNADA

Alondras B – Barco
AJ Lérez – A Seca
Ourense CF – Calasancio
Monteporreiro – Choco B
Vila Corpus – Coruxo
Verin – UD Ourense
Portonovo – Ribadumia
Tomiño – Barbadas
Pabellón B – Comesaña

## CADETE DIVISIÓN HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ourense CF – Val Miñor | 3-3 |
| CD Lugo – RC Celta | 1-0 |
| Coruxo – Montañeros | 2-0 |
| Ural – R. Ferrol | 3-1 |
| Pabellón – Victoria | 5-1 |
| Conxo – Deportivo | 0-0 |
| Sta. Mariña – Calasanz | 0-4 |
| Bergantiños – San Tirso | 1-2 |
| CD Areosa – Pontevedra | 2-2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C.CELTA S.A.D. | 88 | 33 | 29 | 1 | 3 | 136 | 19 |
| R.C. DEPORTIVO | 82 | 33 | 26 | 4 | 3 | 105 | 23 |
| URAL C.F. | 67 | 33 | 21 | 4 | 8 | 55 | 35 |
| **C.D. LUGO** | **61** | **33** | **19** | **4** | **10** | **71** | **49** |
| PABELLON C.F. | 52 | 33 | 16 | 4 | 13 | 55 | 51 |
| C.D. CALASANZ | 51 | 32 | 15 | 6 | 11 | 43 | 39 |
| SAN TIRSO S.D. | 50 | 33 | 15 | 5 | 13 | 64 | 55 |
| CORUXO F.C. | 49 | 33 | 14 | 7 | 12 | 49 | 41 |
| C.D. CONXO | 48 | 33 | 13 | 9 | 11 | 49 | 44 |
| VAL MIÑOR | 47 | 33 | 13 | 8 | 12 | 56 | 54 |
| PONTEVEDRA C.F. | 42 | 32 | 13 | 3 | 16 | 54 | 55 |
| RACING FERROL | 38 | 33 | 11 | 5 | 17 | 41 | 72 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 36 | 33 | 8 | 12 | 13 | 39 | 66 |
| VICTORIA C.F. | 34 | 33 | 10 | 4 | 19 | 52 | 71 |
| OURENSE C.F. | 30 | 33 | 7 | 9 | 17 | 40 | 76 |
| C.D. AREOSA | 25 | 33 | 6 | 7 | 20 | 38 | 82 |
| SANTA MARIÑA | 20 | 33 | 5 | 5 | 23 | 24 | 83 |
| MONTAÑEROS C.F. | 17 | 33 | 4 | 5 | 24 | 26 | 82 |

### ÚLTIMA XORNADA

RC Celta – Ourense CF
Calasanz – Conxo
Montañeros – CD Lugo
San Tirso – Sta. Mariña
R. Ferrol – Coruxo
Pontevedra – Bergantiños
Victoria – Ural
Val Miñor – CD Areosa
Deportivo – Pabellón

## CADETE GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| San Tirso B – EF Lalín | 10-1 |
| Dumbria – G. Caranza | 3-4 |
| Bertamiráns – RC Villalbés | 1-2 |
| Ural B – Orillamar | 2-1 |
| Deportivo B – X. Oroso | 4-2 |
| Victoria B – R. Ferrol B | 3-0 |
| Estrada – Calasanz B | 2-2 |
| Bergantiños B – Milagrosa | 3-1 |
| Viveiro CF – CD Lugo B | 1-2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BERTAMIRANS C.F. | 87 | 33 | 28 | 3 | 2 | 92 | 23 |
| X. OROSO | 77 | 33 | 24 | 5 | 4 | 109 | 43 |
| DEPORTIVO "B" | 71 | 33 | 22 | 5 | 6 | 85 | 34 |
| **RC VILLALBES** | **57** | **33** | **17** | **6** | **10** | **56** | **40** |
| GALICIA CARANZA | 57 | 33 | 18 | 3 | 12 | 74 | 46 |
| C.D. CALASANZ "B" | 52 | 33 | 15 | 7 | 11 | 50 | 41 |
| BERGANTIÑOS "B" | 48 | 33 | 14 | 6 | 13 | 46 | 43 |
| SAN TIRSO S.D. "B" | 44 | 33 | 12 | 8 | 13 | 57 | 55 |
| C.F. DUMBRIA | 43 | 33 | 13 | 4 | 16 | 47 | 70 |
| URAL C.F. "B" | 41 | 33 | 12 | 5 | 16 | 42 | 51 |
| R. FERROL "B" | 40 | 33 | 10 | 10 | 13 | 36 | 52 |
| **C.D. LUGO "B"** | **40** | **33** | **12** | **4** | **17** | **46** | **61** |
| **VIVEIRO C.F. "A"** | **39** | **33** | **10** | **9** | **14** | **42** | **50** |
| ESTRADA FB | 38 | 33 | 10 | 8 | 15 | 37 | 65 |
| **S.C.D. MILAGROSA** | **32** | **33** | **9** | **5** | **19** | **38** | **70** |
| VICTORIA C.F. "B" | 29 | 33 | 8 | 5 | 20 | 39 | 58 |
| E.F. LALIN | 25 | 33 | 6 | 7 | 20 | 34 | 77 |
| ORILLAMAR S.D. | 20 | 33 | 6 | 2 | 25 | 30 | 81 |

### ÚLTIMA XORNADA

G. Caranza – San Tirso B
Calasanz B – Victoria B
RC Villalbés – Dumbria
Milagrosa – Estrada
Orillamar – Bertamiráns
CD Lugo B – Berantiños B
X. Oroso – Ural B
EF Lalín – Viveiro CF
R. Ferrol B – Deportivo B

## INF. GAL. DESCENSO NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Calasanz – Imperator | 3-1 |
| Conxo – San Tirso | Apr. |
| G. Caranza – Milagrosa | 5-0 |
| Residencia – At. Rivera | 0-5 |
| EF Lalín – Bergantiños | 5-0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E.F. LALIN | 47 | 17 | 12 | 1 | 4 | 50 | 21 |
| C.D. CONXO | 44 | 16 | 10 | 3 | 3 | 44 | 22 |
| SAN TIRSO S.D. | 43 | 16 | 9 | 3 | 4 | 37 | 27 |
| GALICIA CARANZA | 42 | 17 | 10 | 3 | 4 | 37 | 16 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 36 | 17 | 8 | 3 | 6 | 41 | 29 |
| C.D. CALASANZ | 35 | 17 | 7 | 4 | 6 | 37 | 27 |
| AT. DE RIVEIRA | 32 | 17 | 8 | 1 | 8 | 41 | 35 |
| IMPERATOR O.A.R. | 27 | 17 | 6 | 3 | 8 | 43 | 29 |
| **S.D. RESIDENCIA** | **11** | **17** | **2** | **1** | **14** | **11** | **64** |
| **MILAGROSA** | **3** | **17** | **1** | **0** | **16** | **10** | **81** |

### ÚLTIMA XORNADA

San Tirso – Calasanz
Bergantiños – Residencia
Milagrosa – Conxo
Imperator – EF Lalín
At. Rivera – G. Caranza

## INF. GAL. DESCENSO SUR

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| ED Arousa – R. Bouzas | 3-2 |
| CD Areosa – Calasancio | 3-1 |
| Porriño – ED Ourense | 0-0 |
| Salgueiriños – Coruxo | 2-1 |
| Pabellón Prom. – Alondras | 1-6 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E.D. OURENSE | 54 | 17 | 13 | 1 | 3 | 36 | 20 |
| PORRIÑO C.F. | 44 | 17 | 11 | 3 | 3 | 33 | 14 |
| ALONDRAS C.F. | 41 | 17 | 8 | 4 | 5 | 38 | 24 |
| E.D. AROUSA S.D. | 41 | 17 | 10 | 2 | 5 | 33 | 22 |
| C.D. AREOSA | 41 | 17 | 9 | 3 | 5 | 44 | 21 |
| SALGUEIRIÑOS | 39 | 17 | 8 | 4 | 5 | 21 | 21 |
| **C.P. CALASANCIO** | **22** | **17** | **4** | **5** | **8** | **21** | **29** |
| CORUXO F.C. | 18 | 17 | 4 | 3 | 10 | 21 | 38 |
| RAPIDO BOUZAS | 12 | 17 | 1 | 3 | 13 | 20 | 41 |
| PABELLON PROM. | 11 | 17 | 1 | 4 | 12 | 15 | 52 |

### ÚLTIMA XORNADA

Calasancio – ED Arousa
Alondras – Salgueiriños
ED Ourense – CD Areosa
R. Bouzas – Pabellón Prom
Coruxo – Porriño

## TROFEO JORGE TATO
### XUVENIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| VELOSO | Residencia | 17 |
| DAVID LÓPEZ | RC Villalbés | 11 |
| FAGÍN | Calasancio | 10 |
| ÁLEX RAMOS | CD Lugo | 10 |
| CHRISTIAN | CD Lugo | 10 |
| YAGO | CD Lugo B | 10 |
| JAIRO | Viveiro CF | 10 |
| ÁLEX RAMOS | CD Lugo B | 9 |
| MOREDA | RC Villalbés | 9 |
| CONDE | Residencia | 8 |
| DAVID | Viveiro CF | 7 |
| NICO | Calasancio | 6 |
| VIDAL | CD Lugo | 6 |
| FONSECA | Residencia | 6 |
| BATALLÓN | Residencia | 6 |
| CARLOS | Viveiro CF | 6 |
| MACLY | Viveiro CF | 6 |
| JUAN | Viveiro CF | 6 |
| GABARRE | CD Lugo | 5 |
| XABI D. | CD Lugo | 5 |
| DANI A. | CD Lugo B | 5 |
| ÓSCAR | RC Villalbés | 5 |
| REIGOSA | Residencia | 5 |
| PABLO C. | Viveiro CF | 5 |
| BORJA | Viveiro CF | 5 |
| YAGO | Viveiro CF | 5 |
| JORDI | Calasancio | 4 |
| SCHUSTER | CD Lugo | 4 |
| XABI B. | CD Lugo B | 4 |
| LIS | CD Lugo B | 4 |
| JORGE | Viveiro CF | 4 |
| SERGI | Calasancio | 3 |
| PABLO | Calasancio | 3 |
| BUTI | Calasancio | 3 |
| MARTÍN | CD Lugo | 3 |
| REAL | CD Lugo | 3 |
| JUAN C. | CD Lugo B | 3 |
| DAVID G. | CD Lugo B | 3 |
| RUBÉN | CD Lugo B | 3 |
| MARTÍN | CD Lugo B | 3 |
| CHRISTIAN | CD Lugo B | 3 |
| NOEL | RC Villalbés | 3 |
| SAMUEL | RC Villalbés | 3 |
| BEGONTE | Residencia | 3 |
| XAVI | Viveiro CF | 3 |

## Regularidade
### XUVENIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| ANXO | RC Villalbés | 40 |
| JUAN | Viveiro CF | 38 |
| PABLO D. | Residencia | 30 |
| SERGI | Calasancio | 25 |
| PORTO | CD Lugo B | 25 |
| RARES | RC Villalbés | 25 |
| XABI B. | CD Lugo B | 21 |
| JAIRO | Viveiro CF | 21 |
| CONDE | Residencia | 20 |
| IAGO | Calasancio | 19 |
| GARCÍA | Residencia | 19 |
| XOEL EIJO | Viveiro CF | 19 |
| YAGO | Viveiro CF | 19 |
| IVÁN | Viveiro CF | 19 |
| ÁNGEL | Residencia | 18 |
| MACLY | Viveiro CF | 18 |
| HERRERO | RC Villalbés | 17 |
| ÁLEX | Calasancio | 16 |
| FAGÍN | Calasancio | 16 |
| ÓSCAR | RC Villalbés | 16 |
| MOREDA | RC Villalbés | 15 |
| ANDRÉS | Calasancio | 14 |
| ABEL | Calasancio | 12 |
| RUBÉN | CD Lugo B | 12 |
| NOEL | RC Villalbés | 12 |
| REIGOSA | Residencia | 12 |
| BEGONTE | Residencia | 12 |
| LAMÚS | Calasancio | 11 |
| REY | CD Lugo B | 11 |
| DAMIÁN | CD Lugo B | 11 |
| DAVID | RC Villalbés | 11 |
| ANDER | Residencia | 11 |
| IVÁN | Residencia | 11 |
| CARLOS | Viveiro CF | 11 |
| DAVID BEN | Viveiro CF | 11 |
| JUAN | Calasancio | 10 |
| NICO | Calasancio | 10 |
| BRAIS | Calasancio | 10 |
| XAIRO | CD Lugo B | 10 |
| YAGO | CD Lugo B | 10 |
| SAMUEL | RC Villalbés | 10 |
| FONSECA | Residencia | 10 |
| VELOSO | Residencia | 10 |
| XAVI | Viveiro CF | 10 |
| MARTIN | CD Lugo B | 9 |
| PEDRO | Residencia | 9 |
| BUTI | Calasancio | 8 |

## Pichichi
### CADETE SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| BRIAN | CD Lugo | 19 |
| GABRIEL | RC Villalbés | 18 |
| LUIS | Viveiro CF | 15 |
| PÉREZ | CD Lugo | 11 |
| YAGO | SCD Milagrosa | 10 |
| SAMU | CD Lugo | 9 |
| BORJA | CD Lugo B | 8 |
| MICHI | CD Lugo B | 8 |
| CASTRÍN | CD Lugo | 7 |
| IAGO GESTO | RC Villalbés | 7 |
| GABI | RC Villalbés | 7 |
| TRASI | Viveiro CF | 7 |
| MANU | CD Lugo | 6 |
| DENÍS | SCD Milagrosa | 6 |
| DIEGO C. | SCD Milagrosa | 6 |
| LEO | CD Lugo B | 5 |
| RAÚL L. | RC Villalbés | 5 |
| PAJÓN | SCD Milagrosa | 5 |
| ASIER | CD Lugo | 4 |
| BORJA | CD Lugo | 4 |
| ROSÓN | CD Lugo | 4 |
| GABRI | CD Lugo B | 4 |
| NODAR | CD Lugo B | 4 |
| CADRA | RC Villalbés | 4 |
| JAVI | CD Lugo | 3 |
| FREIRE | CD Lugo B | 3 |
| XOEL | CD Lugo B | 3 |
| DIEGO | RC Villalbés | 3 |
| RAFA | SCD Milagrosa | 3 |
| LOUREIRO | Viveiro CF | 3 |
| PABLO | Viveiro CF | 3 |
| ÁLEX | Viveiro CF | 3 |
| HUGUITO | Viveiro CF | 3 |
| MICHI | CD Lugo | 2 |
| SIRO | CD Lugo | 2 |
| LUIS | CD Lugo B | 2 |
| HUGO | CD Lugo B | 2 |
| JORGE | CD Lugo B | 2 |
| RAÚL C. | RC Villalbés | 2 |
| CABADO | RC Villalbés | 2 |
| MIGUEL | SCD Milagrosa | 2 |
| JERICÓ | Viveiro CF | 2 |
| LUIS | CD Lugo | 1 |
| MANEL | CD Lugo | 1 |
| DARÍO | CD Lugo B | 1 |
| NICO | CD Lugo B | 1 |
| MATEO | CD Lugo B | 1 |

## Regularidade
### CADETE SUPERIORES

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| LUIS | Viveiro CF | 41 |
| MIGUEL | SCD Milagrosa | 39 |
| TRASI | Viveiro CF | 36 |
| DANI | RC Villalbés | 31 |
| PAJÓN | SCD Milagrosa | 29 |
| YAGO | SCD Milagrosa | 26 |
| CADRA | RC Villalbés | 24 |
| CABADO | RC Villalbés | 22 |
| ALEJANDRO | Viveiro CF | 22 |
| GABRIEL | RC Villalbés | 21 |
| BOIXET | Viveiro CF | 18 |
| PABLO | Viveiro CF | 16 |
| NOEL T. | RC Villalbés | 15 |
| GABI | RC Villalbés | 14 |
| BRAIS | SCD Milagrosa | 14 |
| RAÚL C. | RC Villalbés | 12 |
| JUAN | SCD Milagrosa | 12 |
| NOVO | Viveiro CF | 12 |
| RAFA | SCD Milagrosa | 11 |
| RAÚL | SCD Milagrosa | 11 |
| CABARCOS | SCD Milagrosa | 11 |
| MANEL | CD Lugo B | 10 |
| I. GESTO | RC Villalbés | 10 |
| MARTÍN | RC Villalbés | 10 |
| DENIS | SCD Milagrosa | 10 |
| LOUREIRO | Viveiro CF | 10 |
| XOEL IRIMIA | CD Lugo B | 9 |
| ÁLEX | Viveiro CF | 9 |
| PEDRO | RC Villalbés | 8 |
| LUCAS | Viveiro CF | 7 |
| BORJA | CD Lugo B | 6 |
| NOEL V. | RC Villalbés | 6 |
| ROBER | SCD Milagrosa | 6 |
| MARIO | SCD Milagrosa | 6 |
| P. ALONSO | Viveiro CF | 6 |
| FREIRE | CD Lugo B | 4 |
| MATEO | CD Lugo B | 4 |
| JACOBO | CD Lugo B | 4 |
| LEO | CD Lugo B | 4 |
| RAÚL L. | RC Villalbés | 4 |
| DIEGO | RC Villalbés | 4 |
| BORJA | SCD Milagrosa | 4 |
| HUGUITO | Viveiro CF | 4 |
| JORGE | CD Lugo B | 3 |
| LUIS | CD Lugo B | 3 |
| ANDRÉS | CD Lugo B | 3 |
| MICHI | CD Lugo B | 3 |

## Pichichi
### INFANTIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| AYMAN | CD Lugo | 19 |
| NACHO | Calasancio | 13 |
| PÉREZ | CD Lugo | 13 |
| MOHA | CD Lugo | 10 |
| DÍAZ | Calasancio | 7 |
| DANI | CD Lugo | 7 |
| CEREIJO | Calasancio | 6 |
| ALONSO | Residencia | 6 |
| MARCO | CD Lugo | 4 |
| ANTÓN | CD Lugo | 4 |
| LEO | Milagrosa | 4 |
| MANU | Residencia | 4 |
| BUIDE | CD Lugo | 3 |
| BRUNO | Milagrosa | 3 |
| YOUNESS | Calasancio | 2 |
| DALAMA | Calasancio | 2 |
| CARMEN | Calasancio | 2 |
| DANI G. | CD Lugo | 2 |
| DAVID | Milagrosa | 2 |
| ERIC | Residencia | 2 |
| JULIO | Residencia | 2 |
| NICO F. | Residencia | 2 |
| ÁLEX | Residencia | 2 |
| JAVI | Calasancio | 1 |
| MARIÑO | Calasancio | 1 |
| LAMUS | Calasancio | 1 |
| JUAN | Calasancio | 1 |
| GUITI | Calasancio | 1 |
| IKER | CD Lugo | 1 |
| MANU | CD Lugo | 1 |
| ROSÓN | CD Lugo | 1 |
| AHÍTO | Milagrosa | 1 |
| HUGO | Milagrosa | 1 |
| RAÚL | Milagrosa | 1 |
| MAURO | Milagrosa | 1 |
| SAÚL | Residencia | 1 |
| FÍO | Residencia | 1 |
| XAVI | Residencia | 1 |

## Regularidade
### INFANTIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| CEREIJO | Calasancio | 47 |
| LEO | Milagrosa | 31 |
| MARCOS | Milagrosa | 27 |
| BUIDE | CD Lugo | 20 |
| B. VASCO | Milagrosa | 20 |
| GONZALO | Milagrosa | 20 |
| MOHA | CD Lugo | 19 |
| ROSÓN | CD Lugo | 19 |
| TONI | Calasancio | 18 |
| MANU F. | CD Lugo | 18 |
| HUGO | Milagrosa | 18 |
| LAMÚS | Calasancio | 17 |
| NACHO | Calasancio | 17 |
| ALVITE | Residencia | 17 |
| MAEL | Residencia | 17 |
| HUGO P. | Residencia | 16 |
| DANI | CD Lugo | 15 |
| MARCO | CD Lugo | 15 |
| ANTÓN | CD Lugo | 15 |
| DÍAZ | Calasancio | 14 |
| CARMEN | Calasancio | 14 |
| IAGO | Calasancio | 14 |
| BRAIS | Milagrosa | 13 |
| MANU FDEZ. | Residencia | 13 |
| LUCAS | Residencia | 13 |
| AMIN | CD Lugo | 12 |
| CRIS | Milagrosa | 12 |
| NICO S. | Residencia | 11 |
| RAÚL | Residencia | 11 |
| DAVID | Residencia | 11 |
| ERIK | Residencia | 11 |
| DENÍS | Calasancio | 10 |
| DAVID | Calasancio | 10 |
| DIEGO | CD Lugo | 10 |
| PEDRO | Milagrosa | 9 |
| BRAIS M. | Calasancio | 8 |
| JUAN | Calasancio | 8 |
| PÉREZ | CD Lugo | 8 |
| RAÚL | Milagrosa | 8 |
| IVÁN | Residencia | 8 |
| DIEGO | Residencia | 8 |
| JULIO | Residencia | 8 |
| ÁLEX | Residencia | 8 |
| AYMAN | CD Lugo | 7 |
| MAURO | Milagrosa | 7 |
| ALONSO | Residencia | 6 |

premios líder 2019 fútbol-base lucense

# PREMIADOS FÚTBOL CADETE LIGA P

| PORTEIROS | Pt | DEFENSAS | Pt | MEDIOS | Pt | DIANTEIROS | Pt | ADESTRADORES | Pt | ÁRBITROS | Pt |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **IÑAKI (SD Ribadeo)** | **41** | **IVÁN M. (SD Ribadeo)** | **41** | **YOEL (SDC Residencia)** | **29** | **CANCIO (SDC Residencia)** | **33** | **CABALLERO (Polvorín EF)** | **40** | **DAVID RODRÍGUEZ** | **44** |
| ÁLEX (SDC Residencia) | 37 | **RUBÉN (SDC Residencia)** | **21** | **MARTÍN R. (Monterroso)** | **24** | **DANI J. (SD Burela)** | **21** | ADRIÁN C. (SDC Residencia) | 27 | ÓSCAR CABAÑAS | 38 |
| DILAN (Polvorín EF) | 16 | **CARLOS (CD Foz)*** | **19** | **MARTÍN B. (Residencia)** | **17** | **DHOMI (Polvorín EF)** | **21** | ADRIÁN B. (Monterroso) | 21 | JOSE LUIS RIVERA | 32 |
| ÁLVARO (CD Foz) | 15 | BRAIS G. (SDC Residencia)* | 19 | **DEL VISO (SD Ribadeo)** | **17** | SAMUEL (SD Ribadeo) | 20 | SUSO COTO (SD Ribadeo) | 19 | ÁNGEL RON | 16 |
| DAVID (SD Sarriana) | 15 | RICHI (SD Sarriana) | 12 | RAÚL (Monterroso) | 11 | ISMAEL (CD Foz) | 14 | BURUNDA (CD Foz) | 16 | BRAIS DEL OLMO | 16 |
| LUCAS (SD Burela) | 13 | ÁLEX VV (Monterroso) | 6 | JAVI P. (SD Ribadeo) | 10 | LOMBARDÍA (Residencia) | 12 | RAMIRO C. (SD Burela) | 12 | MÉNDEZ MOREDA | 15 |
| ÁLVARO (Sagrado C.) | 7 | CONDE (Polvorín EF) | 6 | JOSE (CD Foz) | 8 | DAVID (Sagrado C.) | 8 | EDGAR (SD Sarriana) | 5 | LANZOS REY | 14 |
| – | – | RAÚL (Polvorín EF) | 5 | ANDRÉS (Polvorín EF) | 8 | HAMZA (SD Sarriana) | 6 | BRAIS R. (Sagrado C.) | 4 | PIN CALVÍN | 12 |
| – | – | BORJA (SD Ribadeo) | 5 | JAVI J. (Residencia) | 6 | MANU C. (Polvorín EF) | 4 | – | – | JOSE LUIS CABANAS | 10 |
| – | – | ÁLEX (CD Foz) | 4 | EDER (Sagrado C.) | 6 | ROI (SD Ribadeo) | 4 | – | – | JOHAN SEBASTIAN | 9 |
| – | – | SERGIO (SD Burela) | 3 | SERGIO (CD Foz) | 3 | ABUÍN (CD Foz) | 1 | – | – | SADOUM BAHÍA | 2 |
| – | – | ROBERTO (SD Burela) | 2 | ALBERTO V. (Polvorín) | 3 | – | – | – | – | – | – |
| – | – | CARLOS (Sagrado C.) | 1 | ÁLEX F. (Polvorín EF) | 1 | – | – | – | – | – | – |
| – | – | – | – | SAMUEL (Sagrado C.) | 1 | – | – | – | – | – | – |
| – | – | – | – | – | – | – | – | – | – | – | – |
| – | – | *Entra Carlos, do CD Foz, ao recibir menos votacións de cinco puntos | – | – | – | – | – | – | – | – | – |
| – | – | | – | – | – | – | – | – | – | – | – |

| EQUIPOS | Pt | PORTEIROS | DEFENSAS | MEDIOS | DIANTEIROS | ADESTRADORES | Pt | ÁRBITROS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 5 | ÁLEX (SCD Residencia) | IVÁN M. (SD Ribadeo) | MARTÍN B. (Residencia) | DHOMI (Polvorín EF) | SUSO COTO (SD Ribadeo) | 10 | DAVID RODRÍGUEZ |
| **RAMIRO CHAVES** | 3 | IÑAKI (SD Ribadeo) | CARLOS (CD Foz) | DEL VISO (SD Ribadeo) | SAMUEL (SD Ribadeo) | ADRIÁN B. (Monterroso) | 7 | JOSE L. RIVERA |
| (Adestrador SD Burela) | 1 | ÁLVARO (CD Foz) | BRAIS G (Residencia) | JAVI P. (SD Ribadeo) | LOMBARDÍA (Residencia) | ADRIÁN C. (Residencia) | 5 | MÉNDEZ MOREDA |
| | 5 | ÁLEX (SCD Residencia) | ÁLEX VV (Monterroso) | JOSE (CD Foz) | ISMAEL (CD Foz) | CABALLERO (Polvorín EF) | 3 | ÓSCAR CABAÑAS |
| **SERGIO ALONSO** | 3 | ÁLVARO (CD Foz) | ÁLEX (CD Foz) | MARTÍN R. (Monterroso) | CANCIO (Residencia) | ADRIÁN C. (Residencia) | 1 | BRAIS DEL OLMO |
| (Capitán SD Burela) | 1 | IÑAKI (SD Ribadeo) | CARLOS (Sagrado C.) | JAVI P. (SD Ribadeo) | HAMZA (SD Sarriana) | SUSO COTO (SD Ribadeo) | | |
| | 5 | IÑAKI (SD Ribadeo) | IVÁN M. (SD Ribadeo) | MARTÍN B. (Residencia) | CANCIO (Residencia) | SUSO COTO (SD Ribadeo) | 10 | ÁNGEL RON |
| **BURUNDA** | 3 | ÁLEX (SCD Residencia) | RUBÉN (Residencia) | RAÚL (Monterroso) | SAMUEL (SD Ribadeo) | CABALLERO (Polvorín EF) | 7 | LANZOS REY |
| (Adestrador CD Foz) | 1 | DILAN (Polvorín EF) | BORJA (SD Ribadeo) | DEL VISO (SD Ribadeo) | HAMZA (SD Sarriana) | ADRIÁN C. (Residencia) | 5 | JOSE L. RIVERA |
| | 5 | IÑAKI (SD Ribadeo) | IVÁN M. (SD Ribadeo) | JAVI JACOB (Residencia) | SAMUEL (SD Ribadeo) | SUSO COTO (SD Ribadeo) | 3 | PIN CALVÍN |
| **ÁLEX** | 3 | ÁLEX (SCD Residencia) | RUBÉN (Residencia) | MARTÍN B. (Residencia) | DHOMI (Polvorín EF) | CABALLERO (Polvorín EF) | 1 | BRAIS DEL OLMO |
| (Capitán CD Foz) | 1 | LUCAS (SD Burela) | RICHI (SD Sarriana) | RAÚL (Monterroso) | DANI J. (SD Burela) | ADRIÁN C. (Residencia) | | |
| | 5 | ÁLVARO (CD Foz) | RUBÉN (Residencia) | DEL VISO (SD Ribadeo) | DHOMI (Polvorín EF) | CABALLERO (Polvorín EF) | 10 | ÓSCAR CABAÑAS |
| **ADRIÁN BARRIO** | 3 | ÁLEX (SCD Residencia) | CARLOS (CD Foz) | YOEL (Residencia) | DANI J. (SD Burela) | ADRIÁN C. (Residencia) | 7 | DAVID RODRÍGUEZ |
| (Adestrador Monterroso) | 1 | IÑAKI (SD Ribadeo) | IVÁN M. (SD Ribadeo) | ANDRÉS (Polvorín EF) | CANCIO (Residencia) | RAMIRO C. (SD Burela) | 5 | JOSE L. RIVERA |
| | 5 | DAVID (SD Sarriana) | BRAIS G (Residencia) | YOEL (Residencia) | DANI J. (SD Burela) | ADRIÁN C. (Residencia) | 3 | JOHAN SEBASTIAN |
| **KEVIN** | 3 | ÁLEX (SCD Residencia) | CARLOS (CD Foz) | DEL VISO (SD Ribadeo) | CANCIO (Residencia) | CABALLERO (Polvorín EF) | 1 | BRAIS DEL OLMO |
| (Capitán Monterroso) | 1 | ÁLVARO (CD Foz) | RUBÉN (Residencia) | JAVI P. (SD Ribadeo) | LOMBARDÍA (Residencia) | BURUNDA (CD Foz) | | |
| | 5 | IÑAKI (SD Ribadeo) | IVÁN M. (SD Ribadeo) | DEL VISO (SD Ribadeo) | DANI J. (SD Burela) | ADRIÁN B. (Monterroso) | 10 | JOSE L. RIVERA |
| **CABALLERO** | 3 | LUCAS (SD Burela) | CARLOS (CD Foz) | RAÚL (Monterroso) | ROI (SD Ribadeo) | BURUNDA (CD Foz) | 7 | DAVID RODRÍGUEZ |
| (Adestrador Polvorín EF) | 1 | DAVID (SD Sarriana) | BORJA (SD Ribadeo) | JAVI P. (SD Ribadeo) | CANCIO (Residencia) | SUSO COTO (SD Ribadeo) | 5 | JOHAN SEBASTIAN |
| | 5 | IÑAKI (SD Ribadeo) | IVÁN M. (SD Ribadeo) | JAVI P. (SD Ribadeo) | CANCIO (Residencia) | RAMIRO C. (SD Burela) | 3 | BRAIS DEL OLMO |
| **ÁLEX FERNÁNDEZ** | 3 | LUCAS (SD Burela) | SERGIO (SD Burela) | MARTÍN R. (Monterroso) | DAVID (Sagrado C.) | ADRIÁN B. (Monterroso) | 1 | SADOUM BAHÍA |
| (Capitán Polvorín EF) | 1 | DAVID (SD Sarriana) | RUBÉN (Residencia) | YOEL (Residencia) | SAMUEL (SD Ribadeo) | BRAIS R. (Sagrado C.) | | |
| | 5 | DILAN (Polvorín EF) | IVÁN M. (SD Ribadeo) | MARTÍN R. (Monterroso) | SAMUEL (SD Ribadeo) | EDGAR (Sarriana) | 10 | BRAIS DEL OLMO |
| **ADRIÁN CASTRO** | 3 | IÑAKI (SD Ribadeo) | CARLOS (CD Foz) | ALBERTO V. (Polvorín EF) | HAMZA (SD Sarriana) | CABALLERO (Polvorín EF) | 7 | ÓSCAR CABAÑAS |
| (Adestrador Residencia) | 1 | ÁLVARO (Sagrado C.) | ÁLEX VV (Monterroso) | JAVI P. (SD Ribadeo) | ISMAEL (CD Foz) | ADRIÁN B. (Monterroso) | 5 | DAVID RODRÍGUEZ |
| | 5 | ÁLVARO (Sagrado C.) | RICHI (SD Sarriana) | MARTÍN R. (Monterroso) | DAVID (Sagrado C.) | CABALLERO (Polvorín EF) | 3 | PIN CALVÍN |
| **YOEL** | 3 | DILAN (Polvorín EF) | CARLOS (CD Foz) | EDER (Sagrado C.) | ISMAEL (CD Foz) | BRAIS R. (Sagrado C.) | 1 | ÁNGEL RON |
| (Capitán SDC Residencia) | 1 | IÑAKI (SD Ribadeo) | CONDE (Polvorín EF) | RAÚL (Monterroso) | HAMZA (SD Sarriana) | ADRIÁN B. (Monterroso) | | |
| | 5 | ÁLVARO (CD Foz) | CONDE (Polvorín EF) | YOEL (Residencia) | LOMBARDÍA (Residencia) | ADRIÁN C. (Residencia) | 10 | MÉNDEZ MOREDA |
| **SUSO COTO** | 3 | LUCAS (SD Burela) | BRAIS G (Residencia) | SERGIO (CD Foz) | MANU C. (Polvorín EF) | BURUNDA (CD Foz) | 7 | LANZOS REY |
| (Adestrador SD Ribadeo) | 1 | ÁLEX (SCD Residencia) | ROBERTO B. (SD Burela) | ÁLEX F. (Polvorín EF) | DANI J. (SD Burela) | RAMIRO C. (SD Burela) | 5 | ÁNGEL RON |
| | 5 | DAVID (SD Sarriana) | RAÚL (Polvorín EF) | YOEL (Residencia) | CANCIO (Residencia) | RAMIRO C. (SD Burela) | 3 | ÓSCAR CABAÑAS |
| **LUCAS VÁZQUEZ** | 3 | LUCAS (SD Burela) | BRAIS G (Residencia) | JOSE (CD Foz) | DANI J. (SD Burela) | BURUNDA (CD Foz) | 1 | DAVID RODRÍGUEZ |
| (Capitán SD Ribadeo) | 1 | ÁLEX (SCD Residencia) | ROBERTO B. (SD Burela) | MARTÍN B. (Residencia) | ABUÍN (CD Foz) | CABALLERO (Polvorín EF) | | |
| | 5 | ÁLEX (SCD Residencia) | IVÁN M. (SD Ribadeo) | MARTÍN R. (Monterroso) | ISMAEL (CD Foz) | ADRIÁN B. (Monterroso) | 10 | JOSE L. CABANAS |
| **BRAIS ROZADOS** | 3 | IÑAKI (SD Ribadeo) | RICHI (SD Sarriana) | MARTÍN B. (Residencia) | SAMUEL (SD Ribadeo) | CABALLERO (Polvorín EF) | 7 | DAVID RODRÍGUEZ |
| (Adestrador Sagrado C.) | 1 | DILAN (Polvorín EF) | CARLOS (CD Foz) | ANDRÉS (Polvorín EF) | CANCIO (Residencia) | SUSO COTO (SD Ribadeo) | 5 | ÓSCAR CABAÑAS |
| | 5 | DILAN (Polvorín EF) | IVÁN M. (SD Ribadeo) | ANDRÉS (Polvorín EF) | DHOMI (Polvorín EF) | CABALLERO (Polvorín EF) | 3 | PIN CALVÍN |
| **SAMUEL** | 3 | DAVID (SD Sarriana) | RICHI (SD Sarriana) | MARTÍN R. (Monterroso) | CANCIO (Residencia) | ADRIÁN B. (Monterroso) | 1 | SADOUM BAHÍA |
| (Capitán Sagardo C.) | 1 | IÑAKI (SD Ribadeo) | BRAIS G (Residencia) | JAVI JACOB (Residencia) | ROI (SD Ribadeo) | SUSO COTO (SD Ribadeo) | | |
| | 5 | ÁLEX (SCD Residencia) | BRAIS G (Residencia) | YOEL (Residencia) | LOMBARDÍA (Residencia) | BURUNDA (CD Foz) | 10 | ÓSCAR CABAÑAS |
| **EDGAR** | 3 | IÑAKI (SD Ribadeo) | RUBÉN (Residencia) | EDER (Sagrado C.) | DANI J. (SD Burela) | ADRIÁN C. (Residencia) | 7 | DAVID RODRÍGUEZ |
| (Adestrador Sarriana) | 1 | ÁLVARO (Sagrado C.) | ÁLEX (CD Foz) | ANDRÉS (Polvorín EF) | CANCIO (Residencia) | CABALLERO (Polvorín EF) | 5 | JOSE L. RIVERA |
| | 5 | IÑAKI (SD Ribadeo) | RUBÉN (Residencia) | YOEL (Residencia) | CANCIO (Residencia) | ADRIÁN C. (Residencia) | 3 | PIN CALVÍN |
| **DAVID G.** | 3 | ÁLEX (SCD Residencia) | BORJA (SD Ribadeo) | RAÚL (Monterroso) | DHOMI (Polvorín EF) | CABALLERO (Polvorín EF) | 1 | JOHAN SEBASTIAN |
| (Capitán Sarriana) | 1 | DILAN (Polvorín EF) | BRAIS G (Residencia) | SAMUEL (Sagrado C.) | MANU C. (Polvorín EF) | BURUNDA (CD Foz) | | |

# ROVINCIAL XI GALA PREMIOS LÍDER






# FÚTBOL 8 » Alevín Previas Copa

## ALEVÍN 1º PROVINCIAL

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Residencia A – Ferroviaria | 3–1 |
| Stg. de Foz – CD Lugo A | 1–8 |
| Franciscanos – Burela | 0–6 |
| Viveiro – Castro | 4–2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| CD LUGO A | **39** | 14 | 13 | 0 | 1 |
| RESIDENCIA A | **39** | 14 | 13 | 0 | 1 |
| PORTO DE BURELA | **28** | 14 | 9 | 1 | 4 |
| S.D. VIVEIRO "A" | **25** | 14 | 8 | 1 | 5 |
| A.D. FERROVIARIA "A" | **18** | 14 | 6 | 0 | 8 |
| FRANCISCANOS | **7** | 14 | 2 | 1 | 11 |
| SANTIAGO DE FOZ | **5** | 14 | 1 | 2 | 11 |
| CD CASTRO | **4** | 14 | 1 | 1 | 12 |

### FIN DA COMPETICIÓN

| CAMPIÓN | Campionato Galego |
|---|---|
| CD Lugo A | CD Lugo e Residencia |

## ALEVÍN PREVIA 1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Viveiro B – Villalbés A | 1–5 |
| Xove Lago – Valadouro | 10–0 |
| Pontenova – Mondoñedo | Apr. |
| Viveiro C – Villalbés B | 6–3 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| VIVEIRO C | **37** | 15 | 12 | 1 | 2 |
| VILLALBÉS A | **32** | 15 | 10 | 2 | 3 |
| VILLALBÉS C | **32** | 15 | 10 | 2 | 3 |
| PONTENOVA | **26** | 14 | 8 | 2 | 4 |
| S.D. VIVEIRO B | **22** | 15 | 6 | 4 | 5 |
| XOVE LAGO | **20** | 15 | 6 | 2 | 7 |
| MONDOÑEDO | **19** | 14 | 6 | 1 | 7 |
| VALADOURO | **3** | 14 | 1 | 0 | 13 |
| VILLALBES B | **0** | 15 | 0 | 0 | 15 |

### PRÓXIMA XORNADA

| | |
|---|---|
| Villalbés A - Villlabés C | Valadouro - Viveiro B |
| Mondoñedo - Xove Lago | Viveiro C - Villlabés B |

## ALEVÍN PREVIA 2

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Milagrosa A – Polvorín A | 3–7 |
| Residencia B – Lugo B | Hoxe |
| Piringalla A – Sarriana A | 1–5 |
| Abuín A – Palas | 2–3 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| RESIDENCIA B | **33** | 14 | 10 | 3 | 1 |
| MILAGROSA A | **32** | 15 | 10 | 2 | 3 |
| LUGO B | **29** | 14 | 8 | 5 | 1 |
| SARRIANA A | **25** | 15 | 7 | 4 | 4 |
| PALAS | **16** | 15 | 4 | 4 | 7 |
| GUITIRIZ | **16** | 15 | 4 | 4 | 7 |
| POLVORÍN A | **16** | 15 | 5 | 1 | 9 |
| PIRINGALLA A | **15** | 15 | 4 | 3 | 8 |
| ABUIN A | **6** | 16 | 2 | 0 | 14 |

### PRÓXIMA XORNADA

| | |
|---|---|
| Polvorín A - Guitiriz | Lugo B - Milagrosa A |
| Sarriana A -Residencia B | Palas - Piringalla A |

## ALEVÍN PREVIA 3

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Antas – Lucense | 6–3 |
| Fonsagrada – Becerreá | 2–3 |
| Sagrado C. – Corgo | Apr. |
| Polvorín B – Milagrosa C | 3–2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| BECERREÁ | **40** | 15 | 13 | 1 | 1 |
| ANTAS | **39** | 15 | 13 | 0 | 2 |
| POLVORÍN B | **26** | 16 | 8 | 2 | 6 |
| CORGO | **21** | 14 | 6 | 3 | 5 |
| MILAGROSA "C" | **19** | 15 | 5 | 4 | 6 |
| FONSAGRADA | **19** | 15 | 6 | 1 | 8 |
| CP LUCENSE | **18** | 15 | 6 | 0 | 9 |
| FERROVIARIA C | **6** | 15 | 1 | 3 | 11 |
| SAGRADO C. | **5** | 14 | 1 | 2 | 11 |

### PRÓXIMA XORNADA

| | |
|---|---|
| Lucense - Ferroviaria C | Becerreá - Antas |
| Corgo - Fonsagrada | Milagrosa C - Sagrado A |

## ALEVÍN PREVIA 4

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Monterroso – Casás | 2–5 |
| Sarriana C – Sagrado B | 1–7 |
| Piringalla B – Sarriana B | 0–5 |
| Abuín – Ferroviaria B | 2–0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| SARRIANA "B" | **42** | 15 | 14 | 0 | 1 |
| SAGRADO B | **35** | 15 | 11 | 2 | 2 |
| COMERCIAL | **31** | 15 | 10 | 1 | 4 |
| FERROVIARIA B | **26** | 15 | 7 | 5 | 3 |
| ABUIN "B" | **24** | 15 | 8 | 0 | 8 |
| SARRIANA "C" | **16** | 15 | 5 | 1 | 9 |
| CASÁS | **15** | 15 | 4 | 3 | 8 |
| PIRINGALLA "B" | **6** | 15 | 1 | 3 | 11 |
| MONTERROSO | **1** | 15 | 0 | 1 | 14 |

### PRÓXIMA XORNADA

| | |
|---|---|
| Casás - Comercial | Sagrado B - Monterroso |
| Sarriana A - Sarriana C | Ferroviaria B - Piringalla B |

**1**

**XORNADA**
A próxima fin de semana xogaranse os últimos partidos das Liguiñas. No grupo 3, o máis axustado, Becerreá e Antas dispútanse o primeiro posto

**1**

**CAMPIÓN**
O Viveiro C, do grupo Previa 1, asegurouse a primeira praza esta xornada tras gañar ao Villalbés por 6-3

ALEVÍN PREVIA 1

## O Viveiro C proclámase campión tras gañar ao Villalbés B no Marcos Gómez

Os celestes fixéronse cos tres puntos o pasado sábado e avantaxan con cinco a segundo e terceiro clasificados a falta dunha xornada para o remate da competición. Xove Lago e Villalbés A tamén sumaron vitorias nos seus encontros desta xornada.

**1**

**APRAZADO**
O encontro desta xornada que media a Sporting Pontenova e Mondoñedo xogarase o próximo venres a partir das 11:30h na Mina



David, Abuín, controla o coiro de costas a Gaizka



Iván a piques de disparar á portería de Samu, Ferro B

ALEVÍN PREVIA 2

## A Residencia B pode asegurarse a primeira praza esta tarde na Cheda

Os branquiazuis xogarán o encontro aprazado desta xornada ante o Lugo B a partir das 18:45h. Tralo tropezo da Milagrosa A, segundo clasificado, fronte ao Polvorín o sábado, a Resi pode ser campioa de grupo de gañar aos albivermellos na casa. De non ser así quedará todo por decidir para a derradeira xornada.

Nos outros dous partidos disputados ao longo da fin de semana, a Sarriana volveu sumar tres puntos logo de tres xornadas tras gañar á Piringalla por 1-5. O Palas, pola súa banda, fíxose coa cuarta vitoria da fase logo de derrotar ao Abuín 2-3.



Lucas, Polvorín B, a piques de roubarlle o balón a Xoel



Juan e Iago M., da Milagrosa C, na loita por un balón dividido

ALEVÍN PREVIA 3

## Becerreá e Antas xogaranse o primeiro posto na derradeira xornada

Como se previa, ambos conxuntos gañaron os seus respectivos encontros na penúltima xornada e a próxima fin de semana enfrontaranse no Municipal, nun partido no que se decidirá o primeiro clasificado da Previa 3. O Becerreá parte con vantaxe, xa que aos de Nico chégalles con puntuar, mentres que o Antas necesita a vitoria para rematar no liderado.

No outro encontro xogado a fin de semana o Polvorín B impúxose á Milagrosa C por 3-2 grazas aos goles de Álex e Aldán, por partida dobre. O Sagrado A - Corgo xogarase este xoves.



Leo, Mila A e Esteban pelean un balón ante Ismael



Mario a piques de despexar defendido polo amarelo Javi

ALEVÍN PREVIA 4

## Co primeiro posto decidido, o Sagrado B asegurouse a segunda praza

Os das Gándaras sumaron o terceiro triunfo consecutivo na Ribela fronte á Sarriana C e sacan catro puntos á Comercial, que será terceiro ao remate da competición. Os de Javi Castro, que descansaron esta xornada, pecharán a fase fronte a Casás, que leva tres xornadas consecutivas sumando e esta fin de semana gañou en Monterroso 2-5. Tamén sumaron os tres puntos o campión, Sarriana B, fronte á Piringalla B, e o Abuín B, 2-0, ante a Ferroviaria B.



Adrián, Piringalla, co esférico ante o sarriao Alejandro



Álex en condución por diante de Unai, da Sarriana A

# FÚTBOL 8 » Benxamín Previas Copa

## BENXAMÍN 1º PROVINCIAL

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Residencia A – Milagrosa A | 4-2 |
| Sagrado A – Porto Burela A | 2-4 |
| Stg. de Foz – Lugo A | 1-7 |
| Lucense A – Villalbés A | 3-6 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| CD LUGO "A" | **42** | 14 | 14 | 0 | 0 |
| R C. VILLALBES "A" | **33** | 14 | 11 | 0 | 3 |
| PORTO BURELA "A" | **28** | 14 | 9 | 1 | 4 |
| SANTIAGO DE FOZ | **16** | 14 | 5 | 1 | 8 |
| MILAGROSA "A" | **13** | 14 | 4 | 1 | 9 |
| SAGRADO "A" | **11** | 14 | 3 | 2 | 9 |
| RESIDENCIA "A" | **11** | 14 | 3 | 2 | 9 |
| CP LUCENSE "A" | **9** | 14 | 2 | 3 | 9 |

### FINAL DA COMPETICIÓN

| Campión | Campionato Galego |
|---|---|
| CD Lugo A | Lugo A - Villalbés A |

## BENXAMÍN FINAL A

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Xove Lago – Ribadeo C | 10-1 |
| Valadouro – P. Burela B | 1-5 |
| Burela SD – Viveiro A | 7-0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| XOVE LAGO | **12** | 4 | 4 | 0 | 0 |
| BURELA SD | **9** | 4 | 3 | 0 | 1 |
| VIVEIRO "A" | **9** | 4 | 3 | 0 | 1 |
| PORTO BURELA "B" | **6** | 4 | 2 | 0 | 2 |
| RIBADEO "C" | **0** | 4 | 0 | 0 | 4 |
| VALADOURO | **0** | 4 | 0 | 0 | 4 |

### PRÓXIMA XORNADA

Ribadeo C- Valadouro
P. Burela B - Burela SD
Viveiro A - Xove Lago

## BENXAMÍN FINAL B

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Mondoñedo – Ribadeo A | 5-3 |
| Viveiro B – Villalbés B | 2-0 |
| Ribadeo B – Villalbés C | 6-3 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| MONDOÑEDO | **12** | 4 | 4 | 0 | 0 |
| S.D RIBADEO "A" | **9** | 4 | 3 | 0 | 1 |
| S.D RIBADEO "B" | **6** | 4 | 2 | 0 | 2 |
| R. C. VILLALBES "C" | **4** | 4 | 1 | 1 | 2 |
| S.D. VIVEIRO "B" | **3** | 4 | 1 | 0 | 3 |
| R.C. VILLALBES "B" | **1** | 4 | 0 | 1 | 3 |

### PRÓXIMA XORNADA

Ribadeo A - Viveiro B
Villalbés B - Ribadeo B
Villalbés C - Mondoñedo

## BENXAMÍN PREVIA 3

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Polvorín A – Antas | 5-3 |
| Lugo B – Casás | 11-0 |
| Guitiriz – Ferroviaria A | 9-2 |
| Sarriana – Franciscanos | 2-5 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| CD LUGO B | **40** | 14 | 13 | 1 | 0 |
| EF POLVORÍN A | **31** | 14 | 10 | 1 | 3 |
| SD ANTAS | **25** | 14 | 8 | 1 | 5 |
| FRANCISCANOS | **21** | 14 | 7 | 0 | 7 |
| GUITIRIZ | **19** | 14 | 6 | 1 | 7 |
| SARRIANA | **12** | 14 | 4 | 0 | 10 |
| CASÁS | **8** | 14 | 2 | 2 | 10 |
| FERROVIARIA A | **8** | 14 | 2 | 2 | 10 |

FINAL DE ESTA FASE DA COMPETICIÓN

## BENXAMÍN PREVIA 4

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Becerreá – Lucense B | 5-2 |
| Piringalla A – Abuín | 6-5 |
| Piringalla B – Sagrado B | 1-2 |
| Milagrosa B – Residencia B | 1-2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| PIRINGALLA B | **32** | 14 | 10 | 2 | 2 |
| SD BECERREÁ | **27** | 14 | 9 | 0 | 5 |
| SAGRADO B | **25** | 14 | 8 | 1 | 5 |
| PIRINGALLA A | **23** | 14 | 6 | 5 | 3 |
| ATLETICO ABUIN | **19** | 14 | 6 | 1 | 7 |
| CP. LUCENSE B | **11** | 14 | 3 | 2 | 9 |
| MILAGROSA B | **11** | 14 | 3 | 2 | 9 |
| RESIDENCIA B | **10** | 14 | 2 | 4 | 8 |

FINAL DE ESTA FASE DA COMPETICIÓN

## BENXAMÍN PREVIA 5

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Comercial – Monterroso | 0-1 |
| Ferroviaria B – Fonsagrada | 0-6 |
| Corgo – Auxiliadora C | 1-4 |
| Palas – Polvorín B | 4-3 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| MARIA AUXILIADORA | **33** | 14 | 11 | 0 | 3 |
| EF POLVORÍN B | **30** | 14 | 10 | 0 | 4 |
| C.D. CORGO | **27** | 14 | 9 | 0 | 5 |
| PALAS | **21** | 14 | 7 | 0 | 7 |
| MONTERROSO | **19** | 14 | 6 | 1 | 7 |
| COMERCIAL | **19** | 14 | 6 | 1 | 7 |
| A.D. FERROVIARIA "B" | **12** | 14 | 4 | 0 | 10 |
| FONSAGRADA | **6** | 14 | 2 | 0 | 12 |

FINAL DE ESTA FASE DA COMPETICIÓN


Óscar celebrando un gol nun partido na Magdalena


Os xogadores do Xove Lago na sesión de quecemento previa a un encontro que disputaron no campo da Magdalena


Sergio García e Longarela felicitánse tras marcar un gol

FINAL BENXAMÍN A

## O Burela adianta ao Viveiro e segue a estela dun Xove Lago imbatible

O Burela SD resarciuse da derrota da pasada semana en Xove cunha vitoria ante Viveiro, nun partido marcado polo seu acerto cara a portería rival. Todo o contrario que os celestes, que non foron quen de convertir ningunha ocasión rematando sen ningunha diana, algo que só lles acontecera na primeira fase ante o Foz. Os da Marosa aúpanse á segunda praza e seguen a estela que marca o Xove Lago. Os de Kiko Rey asinaron ante o Ribadeo C a súa cuarta vitoria na liguiña. O outro triunfo da xornada foi para o Porto de Burela B, que se impuxo ao Valadouro no Árbol.

FINAL BENXAMÍN B

## O Mondoñedo lidera o grupo tras vencer ao Ribadeo nun partido de alternativas

O Mondoñedo impúxose ao Ribadeo nun partido que poñía en xogo o liderado do grupo. Uns e outros chegaban ao encontro con nove puntos tras gañar os tres partidos disputados na competición, e foron os mindonienses os que conseguiron prolongar a imbatiblidade gañando un duelo de ti a ti, con alternativas para os dous conxuntos, no Viñas da Veiga.

O Ribadeo B e o Viveiro B asinaron as outras dúas vitorias da xornada ante Villalbés C e Vilalbés B respectivamente. Leo selou con dous goles o primeiro triunfo dos celestes na liguiña.


Os xogadores do Valadouro celebran un tanto este curso


Álvaro Rodríguez conduce o balón ante a mirada de Julián


Manuel leva o esférico seguido polo seu compañeiro Iván





Diego trata de alcanzar o esférico ante o visitante Manuel



Álvaro, da Mila, e Álvaro, do Corgo, mídense na carreira



Carreira, a piques de golpear o balón seguido por Manuel

## PREBENXAMÍN PROVINCIAL

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Residencia – Piringalla A | 2-1 |
| Sagrado A – Xove Lago | 2-3 |
| Stg. de Foz – CD Lugo A | 1-5 |
| Viveiro A – Ribadeo A | 9-1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| XOVE LAGO | 39 | 14 | 13 | 0 | 1 |
| CD LUGO A | 37 | 14 | 12 | 1 | 1 |
| PIRINGALLA A | 25 | 14 | 8 | 1 | 5 |
| RESIDENCIA A | 22 | 14 | 7 | 1 | 6 |
| SAGRADO A | 15 | 14 | 4 | 3 | 7 |
| STGO FOZ | 14 | 14 | 4 | 2 | 8 |
| VIVEIRO A | 8 | 14 | 2 | 2 | 10 |
| RIBADEO A | 2 | 14 | 0 | 2 | 12 |

### FINAL DA COMPECIÓN

| Campión | Campionato Galego |
|---|---|
| Xove Lago | Xove Lago e CD Lugo A |

## PREBENXAMÍN FINAL A

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ribadeo B – Burela A | 4-10 |
| Villalbés A – Villalbés B | 4-4 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| RC VILLALBÉS B | 10 | 4 | 3 | 1 | 0 |
| RC VILLALBÉS A | 7 | 3 | 2 | 1 | 0 |
| P. BURELA A | 6 | 3 | 2 | 0 | 1 |
| P. BURELA B | 0 | 3 | 0 | 0 | 3 |
| RIBADEO B | 0 | 3 | 0 | 0 | 3 |

### PRÓXIMA XORNADA

P. Burela B - Ribadeo B

P. Burela A - Villalbés A

## PREBENXAMÍN PREVIA 2

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Monterroso – Piringalla B | 3-5 |
| Milagrosa C –Sagrado B | 6-1 |
| Milagrosa A – Corgo | 5-6 |
| Lucense – Sarriana | 2-3 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| CD LUGO B | 38 | 15 | 12 | 2 | 1 |
| C.P. LUCENSE | 34 | 16 | 11 | 1 | 4 |
| MILAGROSA "A" | 33 | 15 | 11 | 0 | 4 |
| MILAGROSA "C" | 26 | 15 | 8 | 2 | 5 |
| C.D. CORGO | 19 | 15 | 5 | 4 | 6 |
| S.D. SARRIANA | 19 | 15 | 5 | 4 | 6 |
| A PIRINGALLA "B" | 17 | 15 | 5 | 2 | 8 |
| SAGRADO "B" | 8 | 15 | 2 | 2 | 11 |
| MONTERROSO S.D. | 1 | 15 | 0 | 1 | 14 |

### PRÓXIMA XORNADA

Piringalla B- Lugo B — Sagrado B - Monterroso

Corgo - Milagrosa C — Sarriana - Milagrosa A

## PREBENXAMÍN PREVIA 3

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Polvorín – Antas | 4-4 |
| Ferroviaria A – Casás | 2-1 |
| Milagrosa B – Piringalla C | 4-1 |
| Palas – Abuín | 0-5 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| MILAGROSA B | 31 | 14 | 9 | 4 | 1 |
| FERROVIARIA A | 27 | 14 | 8 | 3 | 3 |
| AT.. ABUÍN | 22 | 14 | 6 | 4 | 4 |
| ANTAS | 22 | 14 | 6 | 4 | 4 |
| POLVORÍN | 20 | 14 | 5 | 5 | 4 |
| PIRINGALLA C | 18 | 14 | 6 | 0 | 8 |
| CASÁS | 17 | 14 | 5 | 2 | 7 |
| PALAS | 0 | 14 | 0 | 0 | 14 |

FINAL DE ESTA FASE DA COMPETICIÓN



Martín, a piques de golpear o balón ante o local Unai

PREBENXAMÍN FINAL A

# Villalbés A e B reparten os puntos tras un derbi de poder a poder na Magdalena

Rácing Villalbés A e B manteñen a imbatibilidade tras o derbi que os enfrontou na Magdalena, co liderado en xogo. A primeira praza segue en mans do B, cun partido máis, que acabou pasando apuros para rabuñar un empate despois de levar a iniciativa no marcador durante gran parte do encontro e dispoñer de ata dous goles de renda.

O Porto de Burela A colle carreira tras perder na primeira xornada. Os da Marosa gañaron en Ribadeo o segundo partido consecutivo, marcando as diferenzas na segunda metade.

PREBENXAMÍN PREVIA 2

# A Frigsa despide a competición cun festín de goles de Mila A e Corgo

Milagrosa A e Corgo puxeron a guinda á liguiña cun vistoso partido na Frigsa. Os visitantes levaron os tres puntos no arreón final despois de corenta minutos nos que a iniciativa no marcador foi para os locais. Tres goles nos últimos dez minutos permitíronlles dar a volta ao encontro. A do Corgo foi unha das tres vitorias a domicilio da xornada, na que tamén se impuxeron a Sarriana, que venceu ao CP Lucense, e a Piringalla B, que gañou en Monterroso. O único triunfo local foi o da Milagrosa C, que se impuxo con solvencia ao Sagrado Corazón B.






Javi golpea o esférico nas Gándaras ante o local Adrián



Pablo e Alejandro a piques de golpear un balón dividido



Alejandro trata de marcharse co balón ante Marco e Nefta



Pedro Couso conduce o esférico con velocidade ante Javi



Bruno trata de irse co balón entre Marcos e Pablo Arias



Pablo Arias tírase ao chan para rabuñar o coiro ante Arón

## COPA DEPUTACIÓN INFANTIL

**OITAVOS**
Piringalla -
RC Villabés B -

**OITAVOS**
Sagrado C. -
SD Antas -

**OITAVOS**
CD Lugo B -
Palas CD -

**OITAVOS**
CD Castro -
CD Foz -

**CUARTOS**
25 | 05 | 2019

**CUARTOS**
25 | 05 | 2019

**SEMIFINAIS**
01 | 06 | 2019

**FINAL**
08 | 06 | 2019

**SEMIFINAIS**
01 | 06 | 2019

**CUARTOS**
25 | 05 | 2019

**CUARTOS**
25 | 05 | 2019

**OITAVOS**
ED Lourenzá -
AD Ferroviaria -

**OITAVOS**
Residencia B -
Viveiro CF -

**OITAVOS**
SD Becerreá -
SD Sarriana -

**OITAVOS**
SD Ribadeo -
EF Polvorín A -



## COPA DEPUTACIÓN CADETE

**DEZASEISAVOS**
SD Sarriana B 0
Sagrado C. 7

**OITAVOS**
AD Ferroviaria -
UD Xove Lago -

**OITAVOS**
SD Antas -
SD Sarriana -

**OITAVOS**
CD Foz -
RC Villalbés B -

**OITAVOS**
CP Casás -
Sagrado C. -

**CUARTOS**
26 | 05 | 2019

**CUARTOS**
26 | 05 | 2019

**SEMIFINAIS**
02 | 06 | 2019

**FINAL**
09 | 06 | 2018

**SEMIFINAIS**
02 | 06 | 2019

**CUARTOS**
26 | 05 | 2019

**CUARTOS**
26 | 05 | 2019

**OITAVOS**
SP Pontenova -
SD Becerreá -

**OITAVOS**
Residencia B -
EF Polvorín B -

**OITAVOS**
SD Burela -
Viveiro CF B -

**OITAVOS**
SD Monterroso -
ADC Piringalla -

**DEZASEISAVOS**
SD Becerreá -
ED Lourenzá R.

**DEZASEISAVOS**
SD Monterroso 3
AT. Abuín 1


Aarón, do Sagrado, ante a mirada de Carlos e Losada nun partido da primera fase ante a Sarriana A

# Paso firme do Sagrado na Ribela

### UN 0-3 deixou o partido visto para sentenza ao descanso

**SARRIANA B 0 - 7 SAGRADO**

**Goles:** David (5), Eder e Jose




**Arbitro:** Óscar Cabañas López **Campo:** A Ribela

**OS MELLORES**

| SARRIANA B | | SAGRADO | |
|---|---|---|---|
| SAÚL | 3 | DAVID | 3 |
| MIGUEL | 2 | CARLOS | 2 |
| MICHI | 1 | DIEGO | 1 |

Sagrado Corazón superou con solvencia o seu primeiro escollo na Copa e verase as caras co Casás nos oitavos de final do torneo.

O partido na Ribela quedou visto para sentenza na primeira metade cun 0-3. David marcou o primeiro aos dez minutos nun balón ao espazo, mentres que Eder ampliou a renda nun córner. Yoni tivo o terceiro en dous balóns que mandou ao pau pero, malia a madeira e a boa actuación de Saúl na portería, que evitou males maiores, antes do descanso o propio David recuncou e anotou o terceiro.

Na segunda metade mantívose o dominio dos visitantes, que ampliaron a renda con catro tantos máis ata o definitivo 0-7, tres deles de David, que conseguiu na Ribela o seu primeiro repoker da temporada.

> **"El Sagrado Corazón fue superior a nosotros en todos los aspectos del juego y mereció la victoria"**
> JOAO Sarriana B

> **"Esto solo es el principio. Queda mucho por delante"**
> BRAIS ROZADOS Sagrado C.

Os de Brais Rozados estréanse con bo pé na competición, unha oportunidade para saldar o sabor agridoce do campionato Provincial despois dunha moi boa primeira fase da temporada.

# O Monterroso xa agarda pola Piringalla

### OS DE ADRIÁN VÁZQUEZ avanzan a oitavos de final tras vencer ao Abuín

| MONTERROSO 3 | ABUÍN 1 |
|---|---|
| Kevin | Eladio |
| Lucas | Iago |
| Diego | David |
| Xes | Adrián |
| Roi | Jorge |
| Artai | Brais |
| Raúl (1) | Pablo |
| Iván | Juan López |
| Álex V.V. | Xabier |
| Louzao | Diego |
| Isma | Juan Antonio |
| Martín R. (2) | |
| Gabi (3) | |
| Jorge | |
| Esteban | |
| Martín P. | |

**Goles:** Álex VV, Gabi e Martín R. para o Monterroso; Iago para o Abuín.

**Arbitro:** Susana Gueimonde Méndez.

O Monterroso clasificouse este sábado para disputar os oitavos de final da Copa tras vencer ao Abuín, que chegou aos Cerdeiriños con só once efectivos para afrontar a primeira eliminatoria copeira. Os de Adrián Vázquez saíron gañadores dun duelo aberto, sen un dominador claro no que se impuxo o maior acerto dos locais na finalización.

De feito, marcaron o primeiro tanto cando apenas se superaran os dez minutos de xogo nun golpeo desde fóra da área de Álex V.V. que se atopou coa mala fortuna do porteiro branquiazul.

O intercambio de chegadas á area continuou durante a primeira metade, na que os dous

> **"Puido gañar calquera. Podemos ofrecer un nivel moito mellor"**
> ADRIÁN VÁZQUEZ Monterroso

equipos amosaron lagoas defensivas. A mellor ocasión foi para o Abuín, que puido igualar o encontro cun disparo que estrelou na madeira. Despois, Raúl tivo outra boa oportunidade para ampliar a renda dos da Ulloa, que chegaron con 1-0 ao descanso.

No ecuador da segunda metade, Gabi, nunha acción individual, si logrou incrementar a vantaxe para os locais, que parecían ter a eliminatoria encamiñada.

Sen embargo, o Abuín non tirou a toalla. Tivo un penalti que non aproveitaron para recortar distancia pero, pouco despois, Iago anotou o 2-1, que deu ás ao equipo branquiazul.

Os balóns colgados á area inquietaban ao Monterroso, que temeu polo resultado ata que, a un minuto de cumprirse o tempo regulamentario, sentenciou cun tanto de Martín R.

Os de Adrián Vázquez mediranse á Piringalla nos oitavos de final.

## COPA DEPUTACIÓN XUVENIL

**OITAVOS**
Viveiro CF B -
EF Polvorín -

**OITAVOS**
UD Xove Lago -
SD Monterroso -

**CUARTOS**
25 | 05 | 2019

**CUARTOS**
SD Becerreá

**OITAVOS**
SD Becerreá

**OITAVOS**
San Ciprián -
SDC San Roque -

**SEMIFINAIS**
01 | 06 | 2019

**FINAL**
08 | 06 | 2018

**SEMIFINAIS**
01 | 06 | 2019

**OITAVOS**
SD Ribadeo -
Sagrado C. -

**OITAVOS**
CD Foz -
SD Sarriana -

**CUARTOS**
25 | 05 | 2019

**CUARTOS**
25 | 05 | 2019

**OITAVOS**
Residencia B -
Palas CD -

**OITAVOS**
CD Cospeito -
SD Burela -

**DEZASEISAVOS**
Residencia B 4
Quiroga CF 0

**DEZASEISAVOS**
* Palas CD 2
CD Corgo 2

* Clasificado na tanda de penaltis

# Paso adiante da Resi

**OS BRANQUIAZUIS** clasificáronse para oitavos logo de vencer a un Quiroga que na primeira fase soñou co Provincial

**RESIDENCIA B 4 | 0 QUIROGA**

**Goles:** Javier (2), Álvaro e Sergio




**Arbitro:** Adrián Estraviz Cerdeira. **Campo:** A Cheda

> "Agradezo o sobreesforzo e compromiso dos xogadores para rematar o partido. Tamén polo bo traballo que fixeron durante a temporada" RUBOI QUIROGA

**OS MELLORES**

| RESIDENCIA B | | QUIROGA | |
|---|---|---|---|
| - | ★★★ | RULI | ★★★ |
| - | ★★ | MANUAS | ★★ |
| - | ★ | SERGIO | ★ |

A Residencia B avanza na Copa tras superar ao Quiroga na ronda previa. Os branquiazuis acabaron impoñéndose con comodidade nun partido que lles custou madurar ante un rival ben posicionado que, sobre todo na primeira parte, neutralizou ben o seu xogo en ataque. De feito, o encontro chegou ao descanso con 1-0 no marcador. Javi abriu a lata aos trinta minutos pero o Quiroga tamén tivo nunha acción de Juan, que rematou moi escorado unha chegada perigosa.

A segunda metade comezou coa mesma tónica, pero o 2-0, tamén de Javi, nunha acción na que os visitantes reclamaron fóra de xogo, baixou os brazos dun Quiroga ao que se lle fixo longa a temporada despois dunha primiera fase da competición na que soñaron coa clasificación para o campionato Provincial.



Álex H., Resi, en condución seguido polo lateral Miguel



Cañero pisa o coiro presionado polo branquiazul Xabier



Brian protexe o esférico de espaldas ao local Alberto

# Mateo parou dous penaltis e levou ao Palas a oitavos

**O CORGO** forzou a quenda igualando nos últimos quince minutos un 2-0

| PALAS 2 | | CORGO 2 | |
|---|---|---|---|
| Alberto | | Anxo | |
| Pablo | | Raúl | |
| Prieto | | Lois | |
| Álex | | Díaz | |
| Noel | | Marcos | ★★ |
| Carlos | | Edgar | ★ |
| Adrián L. | | Hugo | |
| Lucas | | Ismael | |
| Adrián M. | | Ruíz | |
| Brais | ★ | Víctor | ★★★ |
| Isma | | David | |
| Mateo | ★★★ | | |
| Samuel | ★★ | | |
| Aitor | | | |
| Nico | | | |
| Mateo | | | |

**Goles:** Samuel e Adrián Martínez polo Palas;

**Arbitro:** Brais del Olmo Brasero

> "Este partido non debería ter chegado aos penaltis" KOEMAN Palas

> "Muy buen trabajo del equipo. Una pena haber caído en los penaltis" VIVIAN Corgo

O Palas clasificouse para os oitavos de final da Copa tras eliminar ao Corgo na quenda de penaltis. Os locais estiveron moito máis finos e anotaron os tres primeiros lanzamentos, mentres o Corgo non conseguiu inaugurar a conta. Mateo detivo dous dos tiros asinando a clasificación para os da Ulloa.

A eliminatoria decidiuse desde o punto de penalti despois dun encontro disputado no que o Palas chegou a ter unha renda de dous goles Os visitantes tiveron as mellores ocasions para adiantarse nunha primeira metade que acabou con 0-0 e trataron de manter a iniciativa na segunda parte. Sen embargo, o Palas foi máis eficaz. Samuel anotou o 1-0 ao rematar unha acción de Brais pola banda e, pouco despois, Adrián Martínez fixo o segundo nun lanzamento de falta directa.

O 2-0 parecía vantaxe suficiente para os sete minutos que quedaban de tempo regulamentario, pero a lesión de Noel cos cambios xa feitos, complicou o treito final para os da Ulloa.

O Corgo reaccionou e igualou o partido. David bateu ao porteiro cun tiro cruzado e, no desconto, Ruiz culminou o empate tras controlar un balón en longo e anticiparse ao porteiro na saída. O 2-2 forzou a quenda de penaltis na que a sorte lles virou as costas aos de Vivian.

DEPUTACIÓN DE LUGO
A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE

# Fútbol base

## A VINDEIRA FIN DE SEMANA COMEZAN A DISPUTARSE AS FASES DE ASCENSO F-11 E OS CAMPIONATOS GALEGOS F-8 con dezaseis equipos lucenses nos cadros

Tras un breve descanso, a vindeira fin de semana os equipos lucenses clasificados para os campionatos galegos de fútbol oito e para as fases de ascenso ás ligas galegas de fútbol once afrontan os retos máis ilusionantes da temporada.




**Fases Intermedias Fútbol 8**

O pasado xoves celebrouse na sede da Real Federación Galega de Fútbol o sorteo das fases intermedias de fútbol oito, que terán lugar o vindeiro 18 de maio en en distintos puntos da xeografía galega coa participación de Lugo e Residencia alevín, Lugo e Rácing Villalbés benxamin e Xove Lago e Lugo prebenxamín. En cada unha das sedes, oito equipos loitarán por unha praza para a Fase Final Galega da categoría.

**Prebenxamín**

O Xove Lago viaxará a Narón para disputar o primeiro encontro dun equipo do club nunha competición a nivel galego. Os xovenses debutarán na Fase Intermedia nun grupo que completan Meirás, Conxo e Lalín. O Lugo, pola súa banda, xogará no campo do Calasanz, onde terá que medirse, na rolda previa ao propio Calasanz, Victoria FC e Fisterra.

**Benxamín**

O Lugo e o Rácing Villalbés poderán verse as caras na Fase Intermedia benxamín, xa que os dous equipos xogarán en Silleda por un posto na Fase Final Galega. Os albivermellos parten polo lado do cadro a priori máis complicado, ao coincidir na fase previa con RC Deportivo, Victoria CF e Atlético Riveira. O Rácing Villalbés terá que medirse a Outes, Calasanz e Estrada.

**Alevín**

Na categoría alevín, os albivermellos xogarán por un posto na final galega en Caranza, en Ferrol. Terán que competir con Boiro, Ural CF e Victoria FC por clasificarse para a final da fase intermedia e loitar así polo único posto en xogo para a Fase Final Galega, que se disputará o vindeiro 25 de maio. Un dos rivais a bater será o RC Deportivo. A Residencia atoparase en Outes con Xuventude Oroso, Victoria CF e Conxo Santiago.

**Fases de ascenso Fútbol 11**

Doutro lado, a vindeira fin de semana póñense tamén en marcha as competicións de ascenso ás ligas galegas de fútbol 11. O camiño máis curto para logra a promoción de categoría téñeno, a priori, os campións provinciais, que teñen opción de dar o salto de forma directa tras impoñerse nunha única eliminatoria a dobre volta que se disputará o 18 e o 25 de maio.

**A unha eliminatoria**

O Burela SD, campión provincial infantil, xogará esa primeira carta contra Narón O Freixo. O EF Polvorín medirase ao Compostela en Santiago polo ascenso á liga galega cadete. O Rácing Villalbés B, que aspira a volver á categoría galega un ano despois, terá que medirse ao Calasanz B tamén nunha eliminatoria a dobre partido na que os chairegos terán o factor Roca na volta como principal aliado.

Os tres xogan co aliciente de lograr o ascenso directo e un comodín xa que, se perden, terán unha segunda oportunidade disputando os emparellamentos das fases, nas que entrarían a competir na segunda rolda.

**Tres roldas**

O resto dos equipos clasificados para xogar o ascenso no grupo Norte terán que superar tres eliminatorias de ida e volta. A vindeira fin de semana será o primeiro asalto e a comezos de xuño coñeceranse os dous equipos que competirán a vindeira temporadas nas ligas galegas.

**Infantil**

O Viveiro e o Rácing Villalbés optan a unha desas prazas na categoría infantil. Os celestes mediranse ao Estrada B, disputando a volta no Marcos Gómez, mentres que os chairegos terán como rival á SD Villestro e terán que xogar a volta a domicilio. Os dous equipos compiten no mesmo lado do cadro polo que, de chegar ata o final, teran que verse as caras e só un poderá cumprir o soño de volver á categoría galega.

**Cadete**

O Ribadeo e a Residencia tamén coñecen xa os seus emparellamentos para a primeira eliminatoria da fase de ascenso. Os de Coto terán que medirse ao Boiro, primeiro na Barraña e despois no Pepe Barrera. A Residencia, pola súa banda, coñeceu esta fin de semana ao seu rival -que dependía dunha eliminatoria previa-. Os branquiazuis terán que medirse ao Bertamiráns B, ao que recibirán primeiro na Cheda tras caer emparellados co equipo que todos tentaban evitar. O Bertamiráns B conta con varios xogadores do Bertamiráns A, que ascendeu con moita suficiencia esta tempada á División de Honor cadete dende a Liga Galega. Como na categoría infantil, só un dos dous chegará á meta do Ascenso, xa que tamén compiten polo mesmo lado do cadro.

**Fase ascenso Sur**

A outra de opción de ascenso para o fútbol lucense tena o Calasancio, que tentará volver á categoría un ano despois. Os de Fontal teñen por diante dúas eliminatorias na fase do grupo Sur, cun modelo competitivo algo diferente. Os monfortinos teñen aínda por coñecer o seu primeiro rival: será Cristo Victoria ou Vilagarcía.

**Xuvenil**

Por último, a Milagrosa e o Castro buscarán unha praza na liga galega xuvenil. Os capitalinos veranse as caras con Narón e pecharán a eliminatoria na Frigsa. Mentras o Castro, que chega por primeira vez na historia a unha competiciión polo ascenso, terá en fronte ao Xuventú Aguiño e disputará o primeiro asalto no Manuel Pereiro. Neste caso, os dous equipos poderían acceder á liga galega, xa que compiten por distintos lados do cadro.

DEPUTACIÓN DE LUGO
A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE